



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 18 de NOVEMBRO de 2022 (1320/1102)

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día dezaioito de novembro de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(957).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 10 de novembro e extraordinaria e urxente do 11 de novembro de 2022 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(958).- DESIGNACIÓN DE DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8837/113.

Visto o informe xurídico do 14/11/2022, dáse conta do informe-proposta de data 18/10/2022, asinado polo xefe do Servizo de Admón. Electrónica e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALG).
- Regulamento Xeral de Protección de Datos (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 abril de 2016 (RXPDP).
- Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD).

ANTECEDENTES

- 1) O 4 de maio de 2016 publícase o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (RXPDP), aplicable dende o 25 de maio de 2018.
- 2) Así mesmo, o 6 de decembro de 2018 publícase a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD).
- 3) No artigo 4.7 do RXPDP defínese Responsable do tratamento como:
“«responsable do tratamento» ou «responsable»: a persoa física ou xurídica, autoridade pública, servizo ou outro organismo que, só ou xunto con outros, determine os fins e medios do tratamento; se o Dereito da Unión ou dos Estados membros determina os fins e medios do tratamento, o responsable do tratamento ou os criterios específicos para o seu nomeamento poderá establecelos o Dereito da Unión ou dos Estados membros; ”
- 4) O artigo 37.1.a) do RXPDP establece a obrigatoriedade de nomear a figura do Delegado de Protección de Datos, en diante DPD, entre outros no seguinte caso:
“O responsable e o encargado do tratamento designarán un delegado de protección de datos sempre que:
 - O tratamento o leve a cabo unha autoridade ou organismo público, excepto os tribunais que actúen en exercicio da súa función xudicial.”Así mesmo, o artigo 34 da LOPDGDD establece que “os responsables e encargados do tratamento deberán designar un delegado de protección de datos nos supostos previstos no artigo 37.1 do Regulamento (UE) 2016/679.”
- 5) No artigo 37.5 do RXPDP establécese que:
“O delegado de protección de datos será designado atendendo ás súas cualidades profesionais e, en particular, aos seus coñecementos especializados do Dereito e a



Concello de Vigo

práctica en materia de protección de datos e á súa capacidade para desempeñar as funcións indicadas no artigo 39 “

Así mesmo dispónse no artigo 35 da LPDGDD.

- 6) A Axencia de Protección de Datos na súa guía do RXPDP para responsables de tratamento especifica que:
 - “A designación do DPD e os seus datos de contacto deben facerse públicos polos responsables e encargados e deberán ser comunicados ás autoridades de supervisión competentes.
(...)
 - Permítese que o DPD manteña cos responsables ou encargados unha relación laboral ou mediante un contrato de servizos. É dicir, permite que poida contratarse o servizo de DPD con persoas físicas ou xurídicas alleas á organización.”
- 7) En virtude do decreto de delegación de competencias da Alcaldía de data 18/06/2019, corresponde á Xunta de Goberno Local:
 - A competencia para a adopción dos acordos municipais que se precisen relativos á adaptación ao Esquema Nacional de Interoperabilidade (ENI) e ao Esquema Nacional de Seguridade (ENS), así como en materia de Protección de Datos e Administración Electrónica, sen prexuízo das competencias executivas atribuídas á Concellería Delegada á que correspondan ditas atribucións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Para o cumprimento dos requisitos esixidos no marco normativo en materia de protección de datos conformado polo Regulamento Xeral de Protección de Datos 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 abril de 2016 (RXPDP), así como pola Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) e o Esquema Nacional de Seguridade (ENS) inicialmente establecido polo artigo 42 da Lei 11/2007 de 22 de xuño, e recollido nas Leis 39 e 40/2015, do 1 de outubro, e regulado polo Real Decreto 3/2010 de 8 de xaneiro, modificado por posterior Real Decreto 951/2015 de 23 de outubro, así como polo Real Decreto 311/2022, de 3 de maio, e tendo en conta que é de obrigado cumprimento designar un DPD atendendo ao criterio de capacidade, formación e especialización que se infire do artigo 37.5 do RXPDP, tramitouse un contrato de servizos, expediente 8837-113 (“Contrato de servizos asociados ao asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos”).

Con data 06/10/2022, a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación do contrato á empresa **APDTIC PROFESIONALES, S.L.** con CIF **B70487053** para a adaptación ao marco normativo relativo ao RXPDP e para o desempeño das funcións propias da figura do DPD ata o día de finalización do contrato. A dita empresa, en escrito presentado polo Rexistro Electrónico con data 17/10/2022 (doc. Núm 220258525), designa a D. André Castelo Pichel, DPD certificado baixo o Esquema AEPD-DPD, como a persoa que desenvolverá o rol de DPD para o Concello de Vigo.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte:

ACORDO

ÚNICO.- Nomear a D. André Castelo Pichel, en virtude do contrato de servizo, expediente 8337-113 como Delegado de Protección de Datos do Concello de Vigo, ata o día de finalización do dito contrato.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(959).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO MAIOR DE SUBMINISTRO DE DIVERSOS AGASALLOS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DAS DISTINTAS ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS RELACIONADAS CO FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ. EXPTE. 6788/241.

Visto o informe de fiscalización do 04/11/2022, dáse conta do informe-proposta do 24/08/2022, asinado pola xefa do Servizo de contratación, a concelleira-delegada de Área e conformado pola titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do subministro de diversos agasallos con motivo da celebración das distintas actividades socioculturais relacionadas co fomento da participación cidadá (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do subministro de diversos agasallos con motivo da celebración das distintas actividades socioculturais relacionadas co fomento da participación cidadá (PPT)



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión ordinaria do 7 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación do subministro de diversos agasallos con motivo da celebración das distintas actividades socioculturais relacionadas co fomento da participación cidadá.

Segundo.- O concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio e Participación Cidadá, en data 28 de xaneiro de 2019, acordou adxudicar a CARLOS FERNÁNDEZ POL (DNI: 36045005A), o subministro de diversos agasallos con motivo da celebración das distintas actividades socioculturais relacionadas co fomento da participación cidadá, por un prezo total de 14.868 €, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.580,40€, con aplicación da porcentaxe de desconto ofertada do 35% aplicable aos prezos unitarios previstos no apartado 3.G da FEC. (expediente nº 8303-320).

Terceiro.- O contrato formalizouse o 28 de xaneiro de 2019 mediante sinatura do contratista de aceptación da resolución de adxudicación, iniciándose a súa execución na mesma data.

Cuarto.- O prazo do contrato é de 2 anos, prevéndose dúas prórrogas dun ano de duración cada una delas.

Quinto.- O concelleiro delegado de Festas e Participación Cidadá autorizou, con data 11 de novembro de 2020 e posterior corrección de erros de 20/01/2021, a primeira prórroga cunha duración dun (1) ano do presente contrato, para o período comprendido entre o 28/01/2021 e o 27/01/2022, polo importe de 7.434,00 euros, manténdose, no período de prórroga, a aplicación da porcentaxe de desconto ofertada do 35% aplicable aos prezos unitarios previstos no apartado 3.G da FEC (expte. núm. 9742-320).

Sexto.- Con data 4 de xaneiro de 2022, o concelleiro delegado de Festas e Participación Cidadá autorizou, a segunda prórroga dun (1) ano do contrato de subministro de diversos agasallos con motivo da celebración das distintas actividades socioculturais relacionadas co fomento da participación cidadá, para o período comprendido entre o 28/01/2022 e o 27/01/2023, polo importe de 7.434,00 euros, manténdose, no período de prórroga, a aplicación da porcentaxe de desconto ofertada do 35% aplicable aos prezos unitarios previstos no apartado 3.G da FEC (expte. Núm. 10455-320).

Septimo.- En data 8 de xuño de 2022 a técnica de xestión e a xefa de Participación Cidadá e responsable do contrato solicitan o inicio dun expediente de modificación deste contrato coa finalidade de aumentar o número de agasallos inicialmente

previsto no contrato debido á estimación dun incremento significativo nas actividades socioculturais a desenvolver polas asociacións.

Oitavo.- Con data do 17 de agosto de 2022 a concelleira delegada de Contratación resolveu:

“1º.- Iniciar o procedemento para a modificación do procedemento aberto do subministro de diversos agasallos con motivo da celebración das distintas actividades socioculturais relacionadas co fomento da participación cidadá, por mor das circunstancias recollidas no fundamento xurídico II deste informe.

2º.- A modificación por un importe de 2.973,60 euros supón unha variación do prezo do contrato dun 20 % e consiste nun incremento do número de agasallos inicialmente previsto no contrato.

O importe da modificación imputarase a aplicación orzamentaria 9240.2260100 “Atencións protocolarias e representativas”.

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.

4º.- Dar audiencia ao adxudicatario, por prazo de dez días, para que formule as alegacións que o seu dereito conveñan”.

Noveno.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista, manifestou a súa conformidade en escrito de data 18 de agosto de 2022 (código de solicitude W749287-3405).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do CC), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento



Concello de Vigo

Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas reconece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se prevea nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.

- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato no apartado 13 do Anexo I -FEC- nos seguintes termos:

“14. MODIFICACIÓN DO CONTRATO:

- A) *ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO: si*
- B) *ASPECTOS A MODIFICAR: a cantidade de agasallos a subministrar*
- C) *CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN: o incremento das actividades socioculturais desenvolvidas polas asociacións*
- D) *LÍMITES DA MODIFICACIÓN: 20%*
- E) *ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN: non se fixan”*

Con carácter previo á exposición da modificación proposta é preciso indicar cal é o obxecto do contrato que nos ocupa. Segundo o apartado 2.A da FEC do PCAP é “a adquisición de diversos agasallos para a súa entrega con motivo da celebración das distintas actividades socioculturais que se están a desenvolver polo asociacionismo inscrito no Rexistro Municipal de Asociacións.”

A modificación obxecto deste informe vén motivada pola necesidade de aumentar o número de agasallos inicialmente previsto no contrato xa que se estima, no exercicio 2022, “*un incremento significativo nas actividades socioculturais a desenvolver polas asociacións, estimándose que superarán amplamente as realizadas nas anualidades precedentes, o que, produciría o esgotamento do crédito orzamentario autorizado e disposto para o gasto antes de que remate o exercicio en curso*” tal e como establece o informe da técnica de xestión e a xefa de Participación Cidadá e responsable do contrato de data 11 de agosto de 2022, engadindo que “*No momento de emisión do presente informe, o número das actividades socioculturais realizadas ou a desenvolver a curto prazo (10) supoñen un 83,33 % das executadas en todo o exercicio 2019 (12), ano que se toma de referencia para o cálculo, dada a diminución significativa de actividades producida nos exercicios posteriores (2020 e 2021), como consecuencia da crise sanitaria orixinada pola Covid-19.*”

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:



Concello de Vigo

- **Límites procedimentais:** a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso das modificacións previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- **Límites materiais:** os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- **Límites económicos:** a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros. Evacuado o trámite de audiencia o contratista, esta manifestou a súa conformidade coa modificación proposta.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: garantir a prestación do subministro de agasallos, trofeos, figuras ou atencións de carácter similar, con motivo da celebración das distintas actividades socioculturais que se están a desenvolver polo movemento asociacionismo preferentemente de carácter veciñal, como xeito de recoñecer publicamente a importante labor que desempeña o tecido asociativo do municipio e reforzar a presenza municipal no fomento do asociacionismo e a participación cidadá.

Respecto dos límites económicos, dado que a modificación supón variación do prezo do contrato é preciso compensar ao contratista. A modificación proposta ascende a 2.973,60 euros (cunha cuota de IVE de 516,08 euros, o que supón un 20% do prezo máximo do contrato. Atópase dentro do límite da modificación prevista no prego, que é do 20% do prezo do contrato (14.868,00 euros).

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista (artigo 206 da LCSP) e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo

adjudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Modificación o contrato do subministro de diversos agasallos con motivo da celebración das distintas actividades socioculturais relacionadas co fomento da participación cidadá, por mor das circunstancias recollidas no fundamento xurídico II deste informe.



Concello de Vigo

2º.- A modificación por un importe de 2.973,60 euros supón unha variación do prezo do contrato dun 20 % e consiste nun incremento do número de agasallos inicialmente previsto no contrato.

O importe da modificación imputarase a aplicación orzamentaria 9240.2260100 "Atencións protocolarias e representativas".

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(960).- PROPOSTA PARA APROBACIÓN DA REVISIÓN DO PLAN DE ACCIÓN DO PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE E A REVISIÓN DO PROCESO DE AUTOAVALIZACIÓN MO MARCO DA ORDE POLA QUE SE CONFIGURA O SISTEMA DE XESTIÓN DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (NEXTGENERATIONEU). EXPTE. 1185/441.

Dáse conta do informe-proposta de data 15/11/2022, asinado polo xefe de Área de Inversións, a secretaria de Admón. Municipal, o concelleiro-delegado de Área e pola concelleira-delegada Contratación, que di o seguinte:

I.-ANTECEDENTES

En relación á necesidade de establecer mecanismos de control e seguimento nos procesos de execución das actuacións relacionadas co PRTR, o BOE do 30 de setembro de 2021 publica a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o sistema de xestión do PRTR que ten como finalidade configurar e desenvolver un Sistema de Xestión orientado á definición, planificación, execución, seguimento e control dos proxectos e subproxectos nos que se desagregan as medidas (reformas/investmentos) previstas nos compoñentes do PRTR.

A citada Orde é de aplicación ás entidades que integran o sector público de conformidade co disposto no artigo 2.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como a cantos outros axentes interveñan na execución do PRTR como receptores de fondos, establecendo os procedementos e instrumentos necesarios para garantir a súa coordinación e seguimento.

A vista do contido desta Orde, O Concello de Vigo como posible entidade beneficiaria e executora de proxectos financiados con fondos económicos do

PRTR, debe contar cunha estrutura organizativa específica que poda garantir unha correcta planificación, execución e seguimento dos proxectos que o Concello de Vigo poda desenvolver no marco do PRTR, e no seu caso poder cumprir coas obrigas derivadas da condición de “beneficiario” de proxectos financiados con fondos do PRTR.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de febreiro de 2022, se estableceu un PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DOS PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PRTR- PROGRAMA NEXT GENERATION UE, que determinará as directrices de xestión e coordinación co obxectivo de acadar sinerxías entre os distintos servizos municipais, favorecendo a conformación de equipos multidisciplinares entre os diversos técnicos municipais, co obxectivo de impulsar a execución dos proxectos vinculados as distintas convocatorias do PRTR.

En relación as obrigas do Concello de Vigo como entidade xestora de proxectos cofinanciados a través do PRTR, financiado polo Next GenerationEU, a Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente do 11 de marzo de 2022, acordou:

- Dar conta do proceso de autoavaliación realizado polo Comité de autoavaliación para os procesos regulados pola Orde HFP/1030/2021, que se corresponde co acordo da sesión de 8 de marzo de 2022 do comité de autoavaliación do programa municipal de coordinación, planificación, seguimento e avaliación dos proxectos financiados con Fondos do PRTR- programa financiado pola Unión Europea -Next GenerationUE, que se achega neste expediente.
- Aprobar o proxecto do PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE do Concello de Vigo, que se corresponde co acordo da sesión de 8 de marzo de 2022 do comité de autoavaliación do programa municipal de coordinación, planificación, seguimento e avaliación dos proxectos financiados con Fondos do PRTR- programa financiado pola Unión Europea -Next GenerationUE, que se achega neste expediente.

II.- Proceso de revisión da autoavaliación regulada pola Orde HFP/1030/2021, e revisión do Plan de acción derivado do mapa de riscos do Plan Antifraude.

O proceso de autoavaliación realizado o pasado mes de marzo de 2022, ven a concluír que o documento será susceptible de revisión de acordo a implementación das medidas identificadas no mesmo.

A vista do mesmo, o comité de autoavaliación procedeu a reunirse, en datas do 10 e 14 de novembro, para revisión da autoavaliación en base o



Concello de Vigo

desenvolvemento das medidas correctoras identificadas e executadas ata a actualidade.

Destas reunión procedeu a levantarse acta asinada da reunión do 10 de novembro que ven a identificar todas as medidas desenvoltas, así como o resultado da revisión da autoavaliación dos apartados:

- *Elementos esenciais.*
- *Control de xestión.*
- *Fitos e obxectivos.*
- *Danos ambientais.*
- *Conflicto de intereses, prevención da fraude e da corrupción.*
- *Compatibilidade do réxime de axudas estatais e evitación do dobre financiamento.*

En cada un dos apartados incorporase unha nova avaliación de acordo as accións desenvoltas, xustificando as evidencias que determinan a nova valoración. Así mesmo identifícanse os aspectos desenvoltos sobre as actuacións pendentes e identifícanse novas actuacións a ter en conta como pendentes das cales identifícase individualmente en cada un dos apartados do “excel” de autoavaliación.

De acordo coa acta da reunión do 10 de novembro de 2022, a revisión da totalidade dos cuestionarios do anexo da Orde HFP/1030/2021, correspondendo cos seguintes resultado final, o cal será susceptible de revisión de acordo a implementación das medidas identificadas no mesmo.

Área	Puntos relativos	Factor de Ponderación	Valor asignado
Control de Gestión	0,775	18%	13,95
Hitos y Objetivos	0,9375	34%	31,875
Daños Medioambientales	0,9375	12%	11,25
Conflicto de Interés, Prevención del Fraude y la Corrupción	0,921875	12%	11,0625
Compatibilidad Régimen de Ayudas de Estado	1	12%	12
Evitar Doble Financiación.	0,875	12%	10,5
Total valor asignado	0,05446875	100%	90,6375

<https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-2021-15860>

Riesgo bajo:	Total Valor asignado ≥ 90
Riesgo medio:	Total Valor asignado ≥ 80
Riesgo alto:	Total Valor asignado ≥ 70

No marco deste proceso, o Comité de Autoavaliación, identifica a necesidade de revisión dentro do PLAN ANTIFRAUDE, do “plan de acción” derivado da avaliación dos riscos de fraude e a conformación do correspondente “mapa de Riscos”, para o cal convocouse reunión para o 14 de novembro

O “plan de acción” incluído no PLAN ANTIFRAUDE aprobado pola XGL na sesión extraordinaria e urxente do 11 de marzo de 2022, ven a recoller unha serie de medidas que se atopan relacionadas directamente as contempladas na propia autoavaliación dos cuestionarios regulados pola da Orde HFP/1030/2021, polo cal procede actualizar o “plan de acción” de acordo o contido proposta na acta do Comité de Autoavaliación de data 14 de novembro que se achega a esta proposta.

III.- PROPOSTA

Unha vez realizada a revisión da Autoavaliación dos apartados indicados na Orde HFP/1030/2021, así como a revisión do “plan de acción” que contén o PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE do Concello de Vigo, de acordo coas actas do “comité de autoavaliación do programa municipal de coordinación, planificación, seguimento e avaliación dos proxectos financiados con Fondos do PRTR- programa financiado pola Unión Europea -Next GenerationUE” de datas 10 e 14 de novembro de 2022, procede remitir a Xunta de Goberno para a súa aprobación, a seguinte proposta:

Primeiro: Dar conta do proceso de revisión da autoavaliación realizado polo Comité de autoavaliación para os procesos regulados pola Orde HFP/1030/2021, que se corresponde co contido da acta da reunión do 10 de novembro que se achega neste expediente.

Segundo: Aprobar a revisión do PLAN DE ACCIÓN contido no PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE do Concello de Vigo, que se corresponde co contido da acta do 14 de novembro de 2022 do comité de autoavaliación do programa municipal de coordinación, planificación, seguimento e avaliación dos proxectos financiados con Fondos do PRTR- programa financiado pola Unión Europea -Next GenerationUE, que se achega neste expediente.

Terceiro: Comunicar o presente acordo ás persoas titulares das Concellerías Delegadas de Goberno, os responsables de áreas e servizos, así como os membros designados para Comité técnico de Programa Municipal Fondos PRTR para os procesos regulados pola Orde HFP/1030/2021, e para o seu coñecemento e efectos.



Concello de Vigo

Cuarto: Publicar o presente acordo na Intranet municipal, e no Portal de Transparencia municipal, para a difusión no conxunto da organización municipal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(961).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO "SEMANA ATLÁNTICA DE VELA CIDADE DE VIGO 2022". EXPTE. 21706/333.

Visto o informe xurídico do 26/10/2022 e o informe de fiscalización 10/11/2022, dáse conta do informe-proposta do 24/10/2022, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 13.07.2022 a Concellería-delegada de Deportes deu instrución para o inicio dun expediente de subvención por importe de 10.000,00€ prevista na partida orzamentaria 3410.480.00.09 a favor da entidade REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO en relación á organización do evento deportivo "SEMANA ATLÁNTICA DE VELA CIDADE DE VIGO 2022".

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para Vigo ser acollidora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades organizadoras de eventos deportivos na cidade e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a toda a cidadanía.

Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 27.12.2019 un "Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo". Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como "cidade do deporte", inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.

Neste ámbito e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios

e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións de organismos nacionais ou internacionais cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

En relación co anterior, a entidade presentou a documentación esixida coa proposta de celebración do evento deportivo e acredita documentalmente posuír os todos os dereitos deportivos, de execución, publicitarios e de comunicación do evento, e o seu proxecto fundamenta o interese xeral que supón para a cidade de Vigo, xa que contará con gran interese e nivel deportivo e unha ampla difusión en medios de comunicación.

O gasto global derivado da organización e desenvolvemento deste evento deportivo segundo o presuposto presentado pola entidade organizadora ascenden a un total de 48.700,00€, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos da documentación presentada pola entidade.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
- Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
- O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
- Dinamizar propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.

Este proxecto de colaboración fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles no seu entorno que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.



Concello de Vigo

Ante estes aspectos, considérase fundamentada a necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e que motiva a proposta de tramitación dunha proposta de subvención orientada, entre outras cuestións, a favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para esta proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o ano 2022, na partida orzamentaria 3410.480.00.09, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. A súa concesión canalízase a través dunha proposta de resolución cuxo texto se somete a aprobación.

En relación ao prazo de xustificación da presente subvención, é necesario neste caso, e con carácter excepcional, ampliar o prazo establecido polas bases de execución do orzamento municipal vixente, ata o día 30 de novembro de 2022, por canto o evento deportivo a subvencionar celebrouse no mes de setembro e a data de hoxe está pendente de ser sometido este expediente ao órgano competente para o seu outorgamento. Tal

ampliación propónse axustándose ao requisito establecido polo Plan Estratéxico Municipal do Concello de Vigo para os anos 2021-2023, que esixe que o prazo que se estableza sexa dentro do exercicio económico e non poña en perigo o cumprimento dos prazos de peche do exercicio. Entendendo pois que se cumpren ditos requisitos, establécese o prazo de xustificación da presente subvención ata o 30 de novembro de 2022 (incluído).

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte da finalización do evento deportivo.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a proposta de resolución de concesión directa dunha subvención a favor de REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO, CIF: G36612752 pola organización do evento deportivo "SEMANA ATLÁNTICA DE VELA CIDADE DE VIGO 2022" de acordo coas condicións e compromisos que se detallan como anexo no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 10.000,00€, previsto na partida orzamentaria 3410.480.00.09, a favor da entidade REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO, CIF: G36612752 e enderezo social na rúa AS AVENIDAS, S/N (36201), en Vigo, segundo resulta da documentación presentada e vinculada co expediente do expediente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONDICIÓN E COMPROMISOS VINCULADOS COA PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO "SEMANA ATLÁNTICA DE VELA CIDADE DE VIGO 2022" (Expediente 21706-333)

I.- O obxecto da proposta é colaborar no desenvolvemento na cidade de Vigo do evento deportivo "**SEMANA ATLÁNTICA DE VELA CIDADE DE VIGO 2022**", organizado pola entidade deportiva **REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO**.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión e conta cunha ampla promoción da actividade deportiva e o nivel deportivo da competición.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.



Concello de Vigo

II.- A entidade deportiva **REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO** organiza o evento "**SEMANA ATLÁNTICA DE VELA CIDADE DE VIGO 2022**" que supón un valor moi importante para a promoción deportiva e turística da cidade de Vigo, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

O club, fundado no 1906 é un eixo vertebrador da actividade deportiva náutica da cidade e un polo dinamizador social ademais de contar con catorce olímpicos e un paralímpico con ficha.

A vela é un dos deportes fundacionais do Real Club Náutico de Vigo xa que debido ás condicións naturais e estéticas da ría de Vigo serviu para promover a actividade e gañar recoñecemento internacional. No ano 2000 este club creou a 1ª Edición da Semana Náutica del Atlántico que marcou un fito histórico.

A "**SEMANA ATLÁNTICA DE VELA CIDADE DE VIGO 2022**" se trata da competición máis multitudinaria de cantas se disputan nas costas galegas co gallo do "Trofeo Martín Barreiro".

Esta competición se creou como lembranza polo 300 aniversario da Batalla de Rande e ao obxecto de irmandar os portos de Amsterdam, Plymouth e Vigo, en referencia ás nacións que participaron na batalla.

Dende o ano 2000 se celebrou todos os anos e xa vai pola súa vixésimo segunda edición, con regatistas de España, Portugal, Estonia, India, Irlanda, República de Sudáfrica e Letonia.

O seu valor deportivo, social e turístico se complementa cunha grande cobertura na prensa escrita e online (ABC, Atlántico Diario, Faro de Vigo, La Región, El Correo Gallego, La Voz de Galicia) e radiofónica (Radio Galega, Cadena Cope, Radio Vigo, Onda Cero)

Súmase a isto, o compoñente social e o valor promocional do deporte deste nivel. Considérase que a organización de este evento permite reforzar o compromiso coa sociedade e dar a coñecer o público das posibilidades de organización destes eventos deportivos, e tendo a oportunidade de incrementar o número de afeccionados e deportistas, coa repercusión mediática nos medios de comunicación, enlaces web, redes sociais, ademais de mostrar a Vigo como destino turístico-deportivo.

III.- A entidade deportiva **REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

COMPROMISOS:

Primeiro.- A entidade deportiva **REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO** colaborou coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Organización do evento deportivo "**SEMANA ATLÁNTICA DE VELA CIDADE DE VIGO 2022**", asumindo a responsabilidade única no mesmo e garantindo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin, cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto.

2º.- Asumiu todos os gastos derivados da organización do evento deportivo.

3º.-Garantiu a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto contando coas homologacións e permisos necesarios.

4º.- Obtivo todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Publicitou de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos figurou a imaxe institucional do Concello de Vigo, como colaborador do evento deportivo.

6º.- Responsabilizouse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.

7º.-Que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, apareceu a imaxe institucional do Concello de Vigo.

8º.- Invitou ó Concello de Vigo a participar de forma activa na entrega dos premios principais do evento deportivo e á presentación, clausura e demais actos institucionais vinculados co mesmo.

9º.- Que en todas as actividades que se desenvolveron vinculadas co evento deportivo, con independencia dos patrocinios, figurou nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo, e concretamente:

- Nos actos de presentación, clausura e demais actos públicos.
- Nas zonas centrais e de máxima visibilidade na zona de xogo, espazo deportivo ou nos arcos de saída ou chegada se os houbera.
- Na páxina principal da WEB da entidade e do evento deportivo, así como en todas as comunicacións oficiais, documentación, entradas (se as houbera), lonas de publicidade ou carteis promocionais.

10º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, con resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc...

11º.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

12º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

13º.- Atender as medidas sanitarias e protocolos de saúde vixentes en relación co Covid-19.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade deportiva **REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO** unha subvención por importe de **10.000,00€** con cargo á partida orzamentaria **3410.480.00.09** do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó



Concello de Vigo

financiamento das actividades vinculadas ca organización do evento deportivo "**SEMANA ATLÁNTICA DE VELA CIDADE DE VIGO 2022**". A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta da entidade beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto da subvención, na cartelaría, web e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e o 30 de novembro de 2022 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto da subvención cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán aquelas facturas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado na proposta de subvención.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe da subvención.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.



Concello de Vigo

Décimo primeiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta de subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia da proposta abarca o período comprendido entre a aprobación do expediente en Xunta de Goberno Local e ata o 30 de novembro de 2022 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación da mesma.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto da presente proposta rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas condicións e compromisos que se conteñen nesta proposta; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución desta proposta establécese en base as memorias e informes que presente a entidade solicitante e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan expresar.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(963).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE FEDERACIÓN GALEGA DE IUDO EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO FESTA INFANTIL DO IUDO. EXPTE. 21708/333.

Visto o informe xurídico do 25/10/2022 e o informe de fiscalización 08/11/2022, dáse conta do informe-proposta do 21/10/2022, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 13.07.2022 a Concellería-delegada de Deportes deu instrución para o inicio dun expediente de subvención por importe de 12.500,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.480.00.11 a favor da entidade FEDERACIÓN GALEGA DE IUDO en relación á organización do evento deportivo FESTA INFANTIL DO IUDO.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para Vigo ser acollidora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades organizadoras de eventos deportivos na cidade e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a toda a cidadanía.

Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 27.12.2019 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta



Concello de Vigo

deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.

Neste ámbito e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións de organismos nacionais ou internacionais cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

En relación co anterior, a entidade presentou con data 19.07.2022 a documentación esixida coa proposta de celebración do evento deportivo e acredita documentalmente posuír os todos os dereitos deportivos, de execución, publicitarios e de comunicación do evento, e o seu proxecto fundamenta o interese xeral que supón para a cidade de Vigo, xa que contará con gran interese e nivel deportivo e unha ampla difusión en medios de comunicación.

O gasto global derivado da organización e desenvolvemento deste evento deportivo segundo o presuposto presentado pola entidade organizadora ascenden a un total de 24.500,00€, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos da documentación presentada pola entidade o 019.07.2022.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
- Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
- O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
- Dinamizar propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.

Este proxecto de colaboración fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles no seu entorno que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o “Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias,

pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

Ante estes aspectos, considérase fundamentada a necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e que motiva a proposta de tramitación dunha proposta de subvención orientada, entre outras cuestións, a favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para esta proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que “Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o ano 2022, na partida orzamentaria 3410.480.00.11, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. A súa concesión canalízase a través dunha proposta de resolución cuxo texto se somete a aprobación.



Concello de Vigo

O apartado 11 da Base 38ª das de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo para o ano establece o prazo límite da segunda semana do mes de novembro para que os servizos xestores remitan para a súa comprobación a xustificación das subvencións outorgadas no exercicio.

Non obstante, evento deportivo obxecto da proposta de subvención ten previsto celebrarse no mes de decembro, o que fai imposible o cumprimento desta data límite. Esta circunstancia fai necesario que a proposta de subvención obxecto do presente expediente propoña como data límite para que a beneficiaria presente a documentación xustificativa con data límite do 21 de decembro, tendo en conta que dito prazo pode garantir a tramitación do expediente de pago dentro do ano 2022.

Tal ampliación propónse axustándose ao requisito establecido polo Plan Estratéxico Municipal do Concello de Vigo para os anos 2021-2023, que esixe que o prazo que se estableza sexa dentro do exercicio económico, entendendo que darase cumprimento ao prazo de peche do exercicio.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte da finalización do evento deportivo.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a proposta de resolución de concesión directa dunha subvención a favor de FEDERACIÓN GALEGA DE IUDO, CIF: G15109267 pola organización do evento deportivo FESTA INFANTIL DO IUDO de acordo coas condicións e compromisos que se detallan como anexo no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 12.500,00 €, previsto na partida orzamentaria 3410.480.00.11, a favor da entidade FEDERACIÓN GALEGA DE IUDO, CIF: G15109267 e enderezo social na rúa Praza Agustín Díaz nº 3, A Coruña (CP 15008) segundo resulta da documentación presentada e vinculada co expediente do expediente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN GALEGA DE IUDO EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO FESTA INFANTIL DO IUDO (Expediente 21708-333)

En Vigo na data da sinatura dixital.

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de

2019, Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 e resolución de competencias do 26 de Xuño de 2019)

Doutra, D. Mario Manuel Muzas Cobo como presidente da Federación Galega de Iudo co CIF: G15109267 e enderezo social na Praza Agustín Díaz nº 3, 15008, en Coruña, segundo resulta dos seus estatutos e na documentación do expediente núm. 21708-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- O obxecto deste convenio é colaborar no desenvolvemento na cidade de Vigo do evento deportivo **FESTA INFANTIL DO IUDO**, organizado pola entidade deportiva **FEDERACIÓN GALEGA DE IUDO** o día 18 de decembro de 2022.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión e conta cunha ampla promoción da actividade deportiva e o nivel deportivo da competición.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.- A entidade deportiva **FEDERACIÓN GALEGA DE IUDO** organiza o evento **FESTA INFANTIL DO IUDO** que supón un valor moi importante para a promoción deportiva e turística da cidade de Vigo, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

A Festa do Iudo Infantil - Trofeo Mestre De Frutos é unha competición técnica, adaptada por parellas e que involucra entre 900 e 1.000 cativas e cativos na práctica deste deporte.

Presenta unha importante consolidación xa que vai pola súa 29ª edición, de modo que é un indispensable no calendario de actividades da federación galega e está fondamente vencellado á cidade de Vigo e á pista central do Pavillón de Municipal Travesas.

O carácter multitudinario e participativo deste trofeo súmase ao seu carácter de competición técnica de iudo aplicado á defensa persoal, con intervención directa de 1.000 iudocas organizados en 5 niveis de asignación.

A promoción do deporte en xeral e do positivo dos seus valores, se engade o respecto e autocontrol que caracterizan ao iudo, integrando á mocidade na práctica das artes marciais e nas competicións deportivas dende ben cativos, formando unha nova xeración de iudocas que representen este deporte no eido galego.

O evento tamén promociona a cidade de Vigo a través da divulgación nas redes sociais da Federación Galega, así como na cartalaría distribuída nos centros e clubs participantes e revistas as informativas dirixidas ás familias. O gran seguimento mediático do evento garante a



Concello de Vigo

asociación do nome do municipio co deporte en xeral e co ludo en especial, durante toda a celebración.

Súmase a isto, o compoñente social e o valor promocional do deporte deste nivel. Considérase que a organización de este evento permite reforzar o compromiso coa sociedade e dar a coñecer o público as posibilidades de organización destes eventos deportivos, e tendo a oportunidade de incrementar o número de afeccionados e deportistas, coa repercusión mediática nos medios de comunicación, enlaces web, redes sociais, ademais de mostrar a Vigo como destino turístico-deportivo.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles no seu entorno que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.480.00.11 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 12.500,00 €, a favor da Federación Galega de Ludo.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da Federación Galega de ludo no evento deportivo “Festa Infantil do Ludo”.

VI.- Que a Federación Galega de Ludo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 21708/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e a entidade Federación Galega de ludo conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade deportiva **FEDERACIÓN GALEGA DE IUDO** colaborará coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Organización do evento deportivo **FESTA INFANTIL DO IUDO**, asumindo a responsabilidade única no mesmo e garantindo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin, cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto.

2º.- Asumir todos os gastos derivados da organización do evento deportivo.

3º.-Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto contando coas homologacións e permisos necesarios.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Publicitar de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos figurou a imaxe institucional do Concello de Vigo, como colaborador do evento deportivo.

6º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.

7º.-Que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, apareceu a imaxe institucional do Concello de Vigo.

8º.- Invitar ó Concello de Vigo a participar de forma activa na entrega dos premios principais do evento deportivo e á presentación, clausura e demais actos institucionais vinculados co mesmo.

9º.- Que en todas as actividades que se desenvolveron vinculadas co evento deportivo, con independencia dos patrocinios, figurará nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo, e concretamente:

- Nos actos de presentación, clausura e demais actos públicos.
- Nas zonas centrais e de máxima visibilidade na zona de xogo, espazo deportivo ou nos arcos de saída ou chegada se os houbera.
- Na páxina principal da WEB da entidade e do evento deportivo, así como en todas as comunicacións oficiais, documentación, entradas (se as houbera), lonas de publicidade ou carteis promocionais.

10º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, con resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc...

11º.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

12º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.



Concello de Vigo

13º.- Atender, de existir, as medidas sanitarias e protocolos de saúde vixentes en relación co Covid-19.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade deportiva **FEDERACIÓN GALEGA DE IUDO** unha subvención por importe de **12.500,00 €** con cargo á partida orzamentaria **3410.480.00.11** do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola entidade co obxecto de coadjuvar ó financiamento das actividades vinculadas ca organización do evento deportivo **FESTA INFANTIL DO IUDO**. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta da entidade beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto da subvención, na cartelería, web e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e o 21 de Decembro de 2022 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas

e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con facturas que reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto da subvención cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán aquelas facturas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado na proposta de subvención.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente



Concello de Vigo

relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe da subvención.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta de subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia da proposta abarca o período comprendido entre a aprobación do expediente en Xunta de Goberno Local e ata o 21 de decembro de 2022 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación da mesma.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto da presente proposta rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas condicións e compromisos que se conteñen nesta proposta; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerase polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución desta proposta establécese en base as memorias e informes que presente a entidade solicitante e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan expresar.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

Vixésima primeira.- A resolución o acordo de concesión se poderá modificar, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos de subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

Vixésima segunda.- En relación á extinción e resolución.

O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.

Son causas de resolución do Convenio:

- O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A resolución do Convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.



Concello de Vigo

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio en Vigo, na data da sinatura dixital.

7(964).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE O GROVE RACKET CLUB EN RELACIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DO TORNEO INTERNACIONAL DE TENIS “VIGO TENIS OPEN 2022”. EXPTE. 21962/333.

Visto o informe xurídico do 10/11/2022 e o informe de fiscalización 11/11/2022, dáse conta do informe-proposta do 03/11/2022, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 31/10/2022 o Concelleiro de deportes deu instrución para o inicio dun expediente de subvención por importe de 12.000,00€ a favor da entidade O Grove Racket Club pola organización do Vigo Tennis Open 2022, celebrado na cidade de Vigo no mes de outubro.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para Vigo ser acollidora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades organizadoras de eventos deportivos na cidade e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 27 de decembro de 2019 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que plantexa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.

Neste ámbito, e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a

partir de decisións de organismos nacionais ou internacionais cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

En relación co que vai dito, a entidade O Grove Racket Club solicitou ó Concello de Vigo con data 27/10/2022 unha subvención en relación á proposta de celebración, na cidade de Vigo, dunha proba integrada no Calendario Internacional Oficial de Tenis (Junior Circuit), que é un conxunto de torneos que se disputan por todo o mundo baixo a supervisión da ITF (International Tennis Federation), integrado, entre outros, por torneos do nivel do Roland Garros, Wimbledon ou o U.S Open, e orientado ós e ás mellores raquetas do tenis mundial de categoría Junior.

A ITF clasifica os seus torneos por grados, entre categoría 1, a máxima, e a categoría 5, sendo o Torneo de Vigo cualificado como de categoría 2, case na máxima categoría. Esta cuestión fai que os e as mellores tenistas internacionais teñan gran interese en participar, o que xa se comprobou na edición do ano 2021, na que participaron 589 xogadores/as de 65 países diferentes, o que o converte en un evento de extraordinario nivel e interese.

A entidade acredita documentalmente posuír os todos os dereitos deportivos, de execución, publicitarios e de comunicación do evento, e o seu proxecto fundamenta o interese xeral que supón para a cidade de Vigo, xa que contará con gran interese e nivel deportivo e unha ampla difusión en medios de comunicación.

O gasto global derivado da organización e desenvolvemento deste evento deportivo segundo o presuposto presentado pola entidade organizadora ascenden a un total de 61.405,00 €, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos da documentación presentada pola entidade.

Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional e internacional e que conta cunha ampla promoción da actividade deportiva, tendo en conta ademais que a entidade ostenta os dereitos de exclusividade da competición na cidade de Vigo tal como acredita na documentación da solicitude, circunstancia impide a convocatoria pública da subvención e xustifica a súa concesión directa.

A entidade será a responsable única da organización xeral dos eventos, e asumirá todos os gastos e responsabilidades en todos os ámbitos derivados da mesma.

O Gasto total que supón a organización do evento, segundo o orzamento de ingresos/gastos presentado pola entidade xunto coa solicitude de subvención, ascende a un total de 61.405,00€, e inclúe un ingreso previsto do Concello de Vigo por importe de 12.000,00€ en concepto de subvención.

A celebración destes eventos deportivos na cidade de Vigo supoñen un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a consolidación de Vigo como "Cidade do deporte".

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.



Concello de Vigo

- Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
- O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
- Dinamizar propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.

Este proxecto de colaboración fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Consegui que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles no seu entorno que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos, considérase fundamentada a necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e que motiva a proposta de tramitación dunha proposta de subvención orientada, entre outras cuestións, a favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para esta proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e

axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Considérase que a celebración deste evento deportivo ten un claro carácter de interese público e social para a cidade de Vigo, o que fundamenta a súa tramitación a través dunha subvención directa, consonte co artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e a súa concesión canalízase a través dunha proposta de resolución cuxo texto se somete a aprobación.

A entidade terá a obriga de presentar a documentación para a xustificación da subvención, no prazo comprendido entre a aprobación da proposta e como máximo ata o 18 de Novembro de 2022.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte da finalización do evento deportivo.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a proposta de resolución de concesión dunha subvención a favor de O Grove Racket Club, CIF: G10571883 pola organización dunha proba do Vigo Tennis Open 2022 de acordo coas condicións e compromisos que se detallan como anexo no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 12.000,00€. a favor da entidade O Grove Racket Club, CIF: G10571883 e enderezo social na rúa Lugar O Carreiro, 9, en O Grove, segundo resulta da documentación presentada e vinculada co expediente do expediente núm. 21962-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.01 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO: CONDICIÓN E COMPROMISOS VINCULADOS COA PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DE O GROVE RACKET CLUB EN RELACIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DO TORNEO INTERNACIONAL DE TENIS “VIGO TENIS OPEN 2022” (Expte. 21962/333).



Concello de Vigo

I.-O obxecto da proposta é colaborar no desenvolvemento na cidade de Vigo do Vigo Tennis Open 2022, organizados por O Grove Racket Club que ostenta os dereitos de organización e representación en exclusiva do Evento deportivo, tal como acredita na documentación presentada no Concello de Vigo.

A entidade organizadora plantexou a celebración na cidade de Vigo do Vigo Tennis Open 2022, un importante proxecto deportivo que converteron á cidade de Vigo, durante a súa celebración, nun importante centro de atención da modalidade.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional e internacional, cunha ampla promoción da actividade deportiva e o altísimo nivel deportivo da competición, coa participación na cidade de moitos dos e das mellores deportistas de rango internacional.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

O Vigo Tennis Open 2022, avalado polo selo da Federación Internacional de Tenis (ITF) está considerado como un dos mais relevantes da modalidade, e atrae a participación de preto de 600 xogadores e xogadoras de máis de 60 países.

O evento converte a cidade, durante a súa celebración, na capital nacional desta modalidade deportiva na categoría, atraendo a atención de numeroso público e unha relevante presenza en medios de comunicación.

Nesta proba participan os e as mellores tenistas internacionais do circuíto internacional, alcanzando un alto nivel deportivo e sendo de gran atractivo para os siareiros.

II.-A entidade O Grove Racket Club organiza o Vigo Tennis Open que supón un valor moi importante para a promoción deportiva e turística da cidade de Vigo, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

O evento deportivo reúne os e as mellores deportistas da modalidade na categoría junior durante a súa celebración, e xerando un alto grado de expectación ao redor, para un evento de acceso gratuíto, e que supón un espectáculo deportivo de enorme nivel competitivo e espectacularidade, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.

Súmase a isto, o compoñente social e o valor promocional do deporte deste nivel. Considérase que a organización de este evento permite reforzar o compromiso coa sociedade e dar a coñecer o público das posibilidades de organización destes eventos deportivos, e tendo a oportunidade de incrementar o número de afeccionados e deportistas, coa repercusión mediática nos medios de comunicación, enlaces web, redes sociais, ademais de mostrar a Vigo como destino turístico-deportivo, destacando, como valor promocional engadido, a presenza da imaxe promocional do evento nos medios de comunicación.

III.-A entidade O Grove Racket Club non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo,

segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 21962-333.

COMPROMISOS:

Primeiro.- A entidade O Grove Racket Club colabora coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Organizar o Vigo Tennis Open, obxecto da subvención, asumindo a responsabilidade única no mesmo e garantindo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin, cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto.

2º.- Asumir todos os gastos derivados da organización do evento deportivo.

3º.-Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto contando coas homologacións e permisos necesarios.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Publicitar de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos figura a imaxe institucional do Concello de Vigo, como colaborador do evento deportivo.

6º.- Responsabilízase fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.

7º.- Asegurarse de que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, aparece a imaxe institucional do Concello de Vigo.

8º.- Invitar ó Concello de Vigo a participar de forma activa na entrega dos premios principais do evento deportivo e á presentación, clausura e demais actos institucionais vinculados co mesmo.

9º.- Garantir que en todas as actividades que se desenvolvan vinculadas co evento deportivo, con independencia dos patrocinios, figura nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo, e concretamente:

- Nos actos de presentación, clausura e demais actos públicos.
- Nas zonas centrais e de máxima visibilidade na zona de xogo, espazo deportivo ou nos arcos de saída ou chegada se os houbera.
- Na páxina principal da WEB da entidade e do evento deportivo, así como en todas as comunicacións oficiais, documentación, entradas (se as houbera), lonas de publicidade ou carteis promocionais.

10º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, con resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc...

11º.- Debe, en xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.



Concello de Vigo

12º.-Debe atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

13º.- Debe atender as medidas sanitarias e protocolos de saúde vixentes en relación co Covid-19.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade O Grove Racket Club unha subvención por importe de 12.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.01 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas ca organización do Tennis Vigo Open. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto da subvención, na cartelería, web e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e o 18 de novembro de 2022 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma,

unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto da subvención cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán aquelas facturas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado na proposta de subvención.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do Vigo Tennis Open 2022.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente



Concello de Vigo

relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe da subvención.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta de subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia da proposta abarca o período comprendido entre a aprobación do expediente en Xunta de Goberno Local e ata o 18 de Novembro de 2022 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación da mesma.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto da presente proposta rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas condicións e compromisos que se

contéñen nesta proposta; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución desta proposta establécese en base as memorias e informes que presente a entidade solicitante e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan plantexar.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

8(965).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE DISEÑO E PRODUCCIÓN DAS CARROZAS MUNICIPAIS PARA A CABALGATA DE REIS 2023. EXPTE. 9466/335.

Visto o informe xurídico do 09/11/2022 e o informe de fiscalización do 10/11/2022, dáse conta do informe-proposta de data 09/11/2022, asinado pola xefa do Servizo de Festas, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

Con data 29 de Setembro de 2022 o Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadana e Festas, ditou orden de inicio de expediente (artigo 116 LCSP) para a contratación do servizo de deseño e produción de cinco carrozas municipais que tomarán parte na Cabalgata de Reis 2023 coa temática **“FILMES INFANTÍS”**, mediante tramitación **ordinaria**. No expediente consta:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) asinada pola Xefa de Servizo de Festas con data do 29/09/2022 e a resolución do



Concello de Vigo

- concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 29 de Setembro de 2022
- Memoria económica, de data 30 de Setembro de 2022
 - Documento económico, de data 11 de Outubro de 2022
 - Memoria xustificativa, de data 8 de novembro de 2022, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta necesaria por tratarse dun procedemento aberto.
 - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP. Polo que se refire aos custos laborais de produción, tomouse como base fundamentalmente o Convenio colectivo de eventos, servizos e producións culturais de Galicia vixente. O orzamento base de licitación deste contrato determinouse considerando unha estimación dos custos de execución material da prestación, os gastos xerais e o beneficio industrial. Na estimación dos custos inclúense tamén os gastos derivados das obrigas de cotización a Seguridade Social por conta da empresa.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP).
 - Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
 - Non se establecen tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación (artigo 215 LCSP).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
 - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
 - Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 9 de novembro de 2022
 - Informe do servizo de contratación do 28 de outubro de 2022
 - Prego de cláusulas administrativas do 9 de novembro de 2022

Por todo o exposto, e previo informes xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, **proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de **deseño e produción de cinco carrozas municipais que tomarán parte na Cabalgata de Reis 2023 coa temática “FILMES INFANTÍS”**.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 8 de novembro de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 9 novembro de 2022 asinado pola Técnica de Administración Xeral e a pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación **76.170,83, €**, sendo o valor estimado do contrato de 53.319,58 € con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis).

O gasto correspondente a este expediente é de 76.170,83 euros, que podería imputarse:

- Á aplicación 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio por importe de 53.319,58 € (70% do importe do prezo de contrato) con cargo á bolsa de vinculación

- Á aplicación orzamentaria 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de 2023 por importe de 22.851,25 € (30% do importe do prezo de contrato).

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(966).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA E SERVIZOS AUXILIARES DE SOPORTE DOS ACTOS DOS REIS MAGOS NO NADAL 2023. EXPTE. 9499/335.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 14/11/2022, dáse conta do informe-proposta de data 09/11/2022, asinado pola xefa do Servizo de Festas, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

Con data 27 de outubro de 2022 o Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadana e Festas, ditou orden de inicio de expediente (artigo 116 LCSP) para a contratación do servizo de deseño e produción de cinco carrozas municipais que tomarán parte na Cabalgata de Reis 2023 coa temática "**FILMES INFANTÍS**", mediante tramitación **ordinaria**. No expediente consta:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) asinada pola Xefa de Servizo de Festas con data do 27/10/2022 e a resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 27 de outubro de 2022.
- Memoria económica, de data 28 de outubro de 2022
- Documento económico, de data 31 de Outubro de 2022



Concello de Vigo

- Memoria xustificativa, de data 8 de novembro de 2022, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta necesaria por tratarse dun procedemento aberto.
 - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
 - Xustificación da división do contrato en lotes (4) (artigo 99.3 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP. Polo que se refire aos custos laborais de produción, tomouse como base fundamentalmente o Convenio colectivo de eventos, servizos e producións culturais de Galicia vixente. O orzamento base de licitación deste contrato determinouse considerando unha estimación dos custos de execución material da prestación, os gastos xerais e o beneficio industrial. Na estimación dos custos inclúense tamén os gastos derivados das obrigas de cotización a Seguridade Social por conta da empresa.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP).
 - Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
 - Non se establecen tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación (artigo 215 LCSP).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
 - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 8 de novembro de 2022
- Informe do xervizo de contratación do 9 de novembro de 2022
- Prego de cláusulas administrativas do 11 de novembro de 2022

Por todo o exposto, e previo informes xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, **proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato da prestación do **servizo de produción técnica e servizos auxiliares de soporte dos actos dos REIS MAGOS no NADAL 2023.**

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 8 de novembro de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 11 de novembro de 2022 asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación **116.208,96 €**, sendo o valor estimado do contrato de **96.561,12 €** con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de Festas para o exercicio 2023.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(967).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ANIMACIÓNS PARA A CABALGATA DE REIS MAGOS 2023. EXPTE. 9500/335.

Visto o informe xurídico do 10/11/2022 e o informe de fiscalización do 11/11/2022, dáse conta do informe-proposta de data 09/11/2022, asinado pola xefa do Servizo de Festas, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

Con data 28 de Outubro de 2022 o Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadana e Festas, ditou orden de inicio de expediente (artigo 116 LCSP) para a contratación do **servizo de animacións para a CABALGATA DE REIS MAGOS 2023**, mediante tramitación **ordinaria**. No expediente consta:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) asinada pola Xefa de Servizo de Festas con data do 28/10/2022 e a resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 28 de Outubro de 2022
- Memoria económica, de data 28 de Outubro de 2022
- Documento económico, de data 31 de Outubro de 2022
- Memoria xustificativa, de data 8 de Novembro de 2022, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta necesaria por tratarse dun procedemento aberto.
 - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
 - Xustificación da división do contrato en lotes **(2)** (artigo 99.3 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP. Polo que se refire aos custos laborais de produción, tomouse como base fundamentalmente o Convenio colectivo de eventos, servizos e producións culturais de Galicia vixente. O orzamento base de licitación deste contrato



Concello de Vigo

determinouse considerando unha estimación dos custos de execución material da prestación, os gastos xerais e o beneficio industrial. Na estimación dos custos inclúense tamén os gastos derivados das obrigas de cotización a Seguridade Social por conta da empresa.

- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP).
- Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
- Non se establecen tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación (artigo 215 LCSP).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 8 de novembro de 2022
- Informe do servizo de contratación do 9 de novembro de 2022
- Prego de cláusulas administrativas do 9 de novembro de 2022

Por todo o exposto, e previo informes xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, **proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato da prestación do **servizo de animacións para a CABALGATA DE REIS MAGOS 2023.**

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 8 de novembro de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 9 de novembro de 2022 asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación **119.790,00 €**, sendo o valor estimado do contrato de **99.000,00 €** con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de Festas para o exercicio 2023.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(968).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA RENDICIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS DE FONDOS A XUSTIFICAR. ANO 2022 (4ª). EXPTE. 102918/140.

Visto o informe de fiscalización do 11/11/2022, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Fiscalización, o interventor xeral e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Lexislación aplicable:

- Artigos 190 e 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigo 69 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.
- Base 23 das de Execución do Orzamento de 2022.

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

<i>Habilitado</i>	<i>Nº pagamento</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Importe librado</i>	<i>Importe xustificado</i>	<i>Data de pagamento</i>	<i>Data Real xustificación</i>	<i>Data legal de xustificación</i>	<i>Reintegro</i>	<i>S/ a favor</i>
Abalde Comesaña Raquel	202200073707	9120.2200100	800,00	760,40	14/07/22	23/09/22	14/10/22	39,60	—
Carballo Acuña Alberto	202200077831	1320.2269900	1.000,00	921,55	21/07/22	18/10/22	21/10/22	78,45	---
Dapena Gómez María	202200094455	9201.2260300	5.769,10	5.769,10	12/09/22	21/09/22	12/12/22	----	—
Domínguez Pereira Beatriz	202200073735	9201.2260300	3.000,00	1.722,67	15/07/22	13/10/22	15/10/22	1.277,33	---
Fernández Fernández Paz	202200067602	2310.7800000	25.000,00	15.647,72	29/06/22	29/09/22	29/09/22	9.352,28	---
Martínez Muñoz Francisco	202200065264	1320.2270603	2.520,00	840,00	20/06/22	28/09/22	20/09/22	1.680,00	---
Martínez Muñoz Francisco	202200065265	1320.2250200	2.000,00	1.191,85	20/06/22	21/09/22	20/09/22	808,15	---
Óscar Couce Senra	202200069278	1532.2250100	600,00	174,02	08/07/22	11/10/22	08/10/22	425,98	---
Óscar Couce Senra	202200073106	1532.2260400	1.500,00	----	12/07/22	11/10/22	12/10/22	1.500,00	---
Vega Andión Óscar Miguel	202200059164	3231.2219900	162,18	162,18	17/06/22	15/09/22	17/09/22	----	---
Vivero Mijares Antonio	202200057379	1350.2269901	12.000,00	11.980,00	08/06/22	18/10/22	08/09/22	20,00	---
Vivero Mijares Antonio	202200073489	1320.2260100	300,00	----	14/07/22	20/09/22	14/10/22	300,00	—
Vivero Mijares Antonio	202200073490	1320.2140000	1.000,00	----	14/07/22	21/09/22	14/10/22	1.000,00	----
Vivero Mijares Antonio	202200073491	1320.2190000	1.000,00	125,36	14/07/22	05/10/22	14/10/22	874,64	---
Vivero Mijares Antonio	202200073722	1320.2200000	200,00	84,24	15/07/22	11/10/22	15/10/22	115,76	---



Concello de Vigo

Vivero Mijares Antonio	202200073723	1320.2219900	1.000,00	913,42	15/07/22	11/10/22	15/10/22	86,58	---
Vivero Mijares Antonio	202200073857	1320.2120000	1.000,00	260,20	18/07/22	20/09/22	18/10/22	739,80	—
TOTAL			58.851,28	40.552,71				18.298,57	

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non
Se rendiron no prazo establecido a excepción das ordes de pago a xustificar n.º 202200065264 e 202200065265 de Martínez Muñoz Francisco, 202200069278 de Couce Senra Óscar e 202200057379 de Vivero Mijares Antonio.	✓	
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acreditase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobrante.	✓	

Resultado da fiscalización

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
	As ordes de pago a xustificar n.º 202200065264 e 202200065265 de Martínez Muñoz Francisco, 202200069278 de Couce Senra Óscar e 202200057379 de Vivero Mijares Antonio non se rendiron nos prazos normativamente establecidos.	

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

PROPOSTA

En base á Resolución de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019, na que se delega na Xunta de Goberno Local a aprobación das contas xustificativas rendidas polos seus perceptores, proponse a aprobación das seguintes:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
Abalde Comesaña Raquel	202200073707	9120.2200100	800,00	760,40	14/07/22	23/09/22	14/10/22	39,60	—
Carballo Acuña Alberto	202200077831	1320.2269900	1.000,00	921,55	21/07/22	18/10/22	21/10/22	78,45	---

Dapena Gómez María	202200094455	9201.2260300	5.769,10	5.769,10	12/09/22	21/09/22	12/12/22	----	---
Domínguez Pereira Beatriz	202200073735	9201.2260300	3.000,00	1.722,67	15/07/22	13/10/22	15/10/22	1.277,33	---
Fernández Fernández Paz	202200067602	2310.7800000	25.000,00	15.647,72	29/06/22	29/09/22	29/09/22	9.352,28	---
Martínez Muñoz Francisco	202200065264	1320.2270603	2.520,00	840,00	20/06/22	28/09/22	20/09/22	1.680,00	---
Martínez Muñoz Francisco	202200065265	1320.2250200	2.000,00	1.191,85	20/06/22	21/09/22	20/09/22	808,15	---
Óscar Couce Senra	202200069278	1532.2250100	600,00	174,02	08/07/22	11/10/22	08/10/22	425,98	---
Óscar Couce Senra	202200073106	1532.2260400	1.500,00	----	12/07/22	11/10/22	12/10/22	1.500,00	---
Vega Andión Óscar Miguel	202200059164	3231.2219900	162,18	162,18	17/06/22	15/09/22	17/09/22	----	---
Vivero Mijares Antonio	202200057379	1350.2269901	12.000,00	11.980,00	08/06/22	18/10/22	08/09/22	20,00	---
Vivero Mijares Antonio	202200073489	1320.2260100	300,00	----	14/07/22	20/09/22	14/10/22	300,00	---
Vivero Mijares Antonio	202200073490	1320.2140000	1.000,00	----	14/07/22	21/09/22	14/10/22	1.000,00	----
Vivero Mijares Antonio	202200073491	1320.2190000	1.000,00	125,36	14/07/22	05/10/22	14/10/22	874,64	---
Vivero Mijares Antonio	202200073722	1320.2200000	200,00	84,24	15/07/22	11/10/22	15/10/22	115,76	---
Vivero Mijares Antonio	202200073723	1320.2219900	1.000,00	913,42	15/07/22	11/10/22	15/10/22	86,58	---
Vivero Mijares Antonio	202200073857	1320.2120000	1.000,00	260,20	18/07/22	20/09/22	18/10/22	739,80	---
TOTAL			58.851,28	40.552,71				18.298,57	

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(969).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A ORGANIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS PARA O ANO 2022. EXPTE. 10767/320.

Visto o informe de fiscalización do 08/11/2022, dáse conta do informe-proposta de data 11/11/2022, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 25 de agosto de 2022, aprobáronse as bases reguladoras das subvencións para o financiamento de gastos de organización de actos sociais e encontros veciñais para a ano 2022.



Concello de Vigo

Ditas bases foron publicadas no BOP núm. 170 do 6 de setembro de 2022, así como, na páxina web do Concello de Vigo, promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 10 días naturais, a contar dende o seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (8 de setembro de 2022).

Durante este prazo (do 9 ao 18 de setembro de 2022), achegaron un total de dezaioito solicitudes (18):

	N.º EXPTE	DATA RE-XISTRO	ENTIDADE
1	10817-320	14.09.2022	IRMANDADE DE FESTAS SANTA ANA – BEADE
2	10818-320	14.09.2022	ASOC CULTURAL E DEPORTIVA XESTAS
3	10819-320	14.09.2022	COMISIÓN FESTAS NOSA SRA DAS NEVES A GUÍA.
4	10820-320	14.09.2022	AVCU CSCR DE BEADE.
5	10839-320	14.19.2022	ASOCIACIÓN CULTURAL FESTAS DA CONSOLACIÓN DE COIA
6	10822-320	15.09.2022	ASOC. COMISIÓN FESTAS VIRXEN AFLIXIDOS ZAMÁNS.
7	10836-320	15.09.2022	AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS DE VIGO
8	10825-320	15.09.2022	FEDERACIÓN GALLEGA DE DOMINÓ.
9	10826-320	15.09.2022	ASOC. CULTURAL HERMANDAD FIESTAS SANTA MARINA DE CABRAL.
10	10823-320	15.09.2022	ASOC. CENTRO CULTURAL ARTÍSTICO E RECREATIVO DE VALLADARES.
11	10838-320	15.09.2022	ASOC. CULTURAL E DEPORTIVA ATLÁNTIDA DE MATAMÁ
12	10840-320	15.09.2022	ASOC. IRMANDADE NOSA SRA. DAS NEVES DE MATAMÁ.
13	10827-320	16.09.2022	

	N.º EXPTE	DATA RE-XISTRO	ENTIDADE
			HERMANDAD DEVOTOS SAN ROQUE
14	10828-320	16.09.2022	ASOCIACION DE VECIÑOS DE PARADA-MACEIRIÑA RÚAS E FONTES
15	10829-320	16.09.2022	ASOC. VECIÑAL DOCTOR JOSÉ CASÁS BOUZAS
16	10841-320	16.09.2022	ASOC. CULTURAL IRMANDADE DE FESTAS DAS DORES DE CABRAL.
17	10843-320	16.09.2022	ASOC. HERMANDAD FIESTAS PATRONALES CANDEÁN.
18	10842-320	18.09.2022	ASOC. VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA O CARBALLO DE SÁRDOMA .

OBXECTO DA SUBVENCIÓN E ENTIDADES BENEFICIARIAS

As subvencións convocadas están dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía. As subvencións convocadas na convocatoria de 2022 están destinadas a fomentar os seguintes programas:

- **Programa I:** Gastos correntes derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de instalacións mobles (carpas, estruturas móbiles ou instalacións similares) destinadas á celebración de actos sociais ou encontros veciñais de carácter lúdico, benéfico, festivo e social que sexan de acceso libre, e gratuïto e se realicen en espazos abertos.
- **Programa II:** Gastos correntes derivados da organización de xogos populares: gastos derivados do aluguer de locais/instalacións/mobiliario/megafonía/medios audiovisuais, trofeos, limpeza, material para as actividades, material Covid, seguros, publicidade (cartelería, dípticos, vestiario e outro material publicitario...), e todos aqueles gastos que respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.
- **Programa III:** gastos de deseño, maquetación e edición de publicacións en papel ou en soportes dixitais; e gastos de impresión e distribución de publicacións.

CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

A contía total destinada a estas axudas é de **115.000,00 euros (cento quince mil euros)** e farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria **9240 489000 denominada**



Concello de Vigo

“**Subvencións a entidades cidadás**” do vixente exercicio orzamentario, distribuídos da seguinte maneira:

· **Programa I:** subvencións para financiamento dos gastos derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de carpas, instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, cunha contía total de **35.000,00 euros**. O importe máximo subvencionable será de **2.700,00 €**, para cada unha das entidades beneficiarias

· **Programa II:** subvencións para financiamento da organización de competicións de xogos populares, cunha contía total de **20.000,00 euros**, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) competicións de xogos populares de ámbito internacional, nacional, autonómico, cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **9.000,00 €** para os de ámbito internacional e nacional e de **5.000 €** para os de ámbito autonómico.

b) competicións de xogos populares de ámbito municipal consolidado (máis de 40 edicións), cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **3.000,00 €**

· **Programa III:** subvencións para o deseño e impresión de publicacións promovidos por entidades cunha contía total de **60.000,00 euros**, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) Subvencións para o deseño e impresión de libros sobre a historia das distintas parroquias, cun importe máximo subvencionable será de **10.000 €**.

b) Subvencións para o deseño e impresión de libros e publicacións relativos a festas, cun importe máximo subvencionable de **4.000 €**.

En ningún caso, as axudas outorgadas superan os límites cuantitativos fixados na base cuarta das subvencións.

PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN E CRITERIOS DE VALORACIÓN

O procedemento iniciouse de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente (art. 20 da LSG) e tramítase en réxime de **concorrenza competitiva**, de acordo co art. 22.1 da LXS.

Respecto do proceso de outorgamento das subvencións realizouse en base aos cálculos detallados no baremo que constan no expediente da convocatoria, e conforme aos criterios de valoración. Cabe sinalar que nesta convocatoria realizouse a baremación das solicitudes recibidas, si ben, non se adxudican as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, xa que, o crédito dispoñible é superior ao importe solicitado polo conxunto das entidades solicitantes. Polo tanto, todas as entidades obteñen o 100% do importe solicitado, coa excepción de **Hermanidad Fiestas Patronales de Candeán** onde se tivo que aplicar o límite fixado na presente convocatoria, posto que a entidade solicita unha subvención por un importe total de 5.747,50 € o que supera amplamente o límite fixado de 2.700,00 € para o Programa I.

A cláusula décima das bases reguladoras da subvención, recolle os criterios de valoración, precisando a ponderación relativa atribuída a cada un deles:

a) **Traxectoria e antigüidade da entidade.**- Ata 10 puntos.

Valorarase tendo en consideración as datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións:

- Segundo o ano de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións: Ata 5 puntos

Ano 87 a 93	5
Ano 94 a 99	4
Ano 2000 a 2005	3
Ano 2006 a 2012	2
Ano 2013 a 2018	1
En adiante	0

- Segundo o ano de constitución da entidade: Ata 5 puntos

Antigüidade: mais de 50 anos	5
26 a 50 anos	4
11 a 25 anos	3
5 a 10 anos	2
1 a 4 anos	1

b) **Calidade e viabilidade técnica dos proxectos e actividades subvencionables en cada un dos programas:**

Programa I: Gastos derivados de actividades de montaxe e desmontaxe de carpas, instalacións cubertas ou estruturas mobles similares

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais: Actividade/s similares desenvolvida/s en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 8 puntos)

Nunha 1 edición anterior:	2 puntos
En 2 edicións anteriores:	4 puntos
En 3 edicións anteriores::	6 puntos
En 4 ou mais edicións anteriores::	8 puntos

- Duración das actividades desenvolvidas (máximo 8 puntos):

1 día:	2 puntos
2 días :	4 puntos
3 días :	6 puntos
4 ou mais días:	8 puntos

- Nº de eventos ou instalacións para os que solicita as axudas (máximo 3): Ata 2 puntos



Concello de Vigo

- 1 actividade: 2 punto
- 2 actividades: 1 puntos
- 3 actividades: 0 puntos

- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na difusión das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):

Si: 2 puntos

Non: 0 puntos

Programa II: Gastos de organización de xogos populares

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais:

- Competicións de xogos populares de **ámbito internacional, nacional o autonómico** similares desenvolvida/s en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 8 puntos):

Nunha 1 edición anterior: 2 puntos

En 2 edicións anteriores: 4 puntos

En 3 edicións anteriores: 6 puntos

En 4 ou mais edicións anteriores: 8 puntos

- Competicións de xogos populares de **ámbito municipal consolidado** (máis de 40 edicións) similares desenvolvida/s en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 5 puntos):

Máis de 40 edicións: 1 punto

Máis de 45 edicións: 2 puntos

Máis de 50 edicións: 3 puntos

Máis de 55 edicións: 4 puntos

Máis de 60 edicións: 5 puntos

- Duración das actividades desenvolvidas (máximo 8 puntos):

1 día: 2 puntos

2 días : 4 puntos

3 días : 6 puntos

4 ou mais días: 8 puntos

- Número de entidades participantes .- Ata 10 puntos:

Máis de 5 entidades: 5 puntos

Máis de 10 entidades: 10 puntos

- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega no desenvolvemento e difusión das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):

Si: 2 puntos

Non: 0 puntos

Programa III: Gastos para o deseño e impresión de publicacións

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais:

- Deseño e impresión de **libros sobre a historia** das distintas parroquias similares publicados en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 8 puntos):

Nova publicación:	8 puntos
Nunha edición anterior:	6 puntos
En 2 edicións anteriores:	4 puntos
En 3 ou mais edicións anteriores:	2 puntos

- Ámbito xeográfico da difusión de libros sobre a historia das distintas parroquias: (máximo 5 puntos):

Distrito/Parroquial:	1 punto
Municipal	2 puntos
Autonómico:	3 puntos
Nacional:	4 puntos
Internacional:	5 puntos

(Para a xustificación deste apartado a entidade terá que certificar o ámbito xeográfico de distribución da publicación na memoria do proxecto)

- Deseño e impresión de **libros e publicacións relativos a festas** similares publicados en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 10 puntos):

Mais de 12 meses:	2 puntos
De 2 a 5 anos	4 puntos
De 6 a 10 anos:	6 puntos
De 11 a 15 anos:	8 puntos
Mais de 15 anos:	10 puntos

(Para a xustificación deste apartado a entidade terá que presentar dixitalizado o exemplar máis antigo publicado na memoria do proxecto)

- Número de exemplares editados ou impresos en ambas publicacións (II-III): ata 10 puntos.

Ata 100:	2 puntos
De 101 a 500	4 puntos
De 501 a 550:	6 puntos
De 551 a 1.000:	8 puntos
Mais de 1.000:	10 puntos



Concello de Vigo

(Para a xustificación do número de exemplares impresos terá que constar de forma detallada na correspondente factura ou presentar unha certificación da imprenta na memoria do proxecto)

- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na edición de ambas publicacións (II-III) que fundamentan a concesión da subvención (máximo 5 puntos):
Si: 5 puntos
Non: 0 puntos

No caso de que a proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de 5 puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

c) Viabilidade económica das propostas presentadas en función do orzamento previsto.- Ata 5 puntos

- De 1 € a 1.000 €: 1 punto
- De 1.001 a 1.500 €: 2 puntos
- De 1.501 a 2.000 €: 3 puntos
- De 2.001 a 2.500 €: 4 puntos
- De 2.501 a 2.700 €: 5 puntos

CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS E DOCUMENTACIÓN

a) Todas as asociacións ás que se propón outorgar subvención no punto primeiro da parte dispositiva deste informe, están debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociación, e concretamente en algúns dos epígrafes previstos (*entidades sociais e asistenciais, culturais, festivas e de lecer, peñas recreativas, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, respectivamente*) cumprindo así co disposto nas bases primeira e segunda da norma reguladora das subvencións.

b) Todas as solicitudes para concorrer no procedemento se solicitaron no prazo establecido ao efecto na base oitava (do 9 ao 18 de setembro de 2022).

c) En ningún caso se superan os límites cuantitativos establecidos na base cuarta da convocatoria.

d) Todas as asociacións ás que se lle concede subvención, teñen sede social ou delegación no termo municipal de Vigo (Base 2.1).

e) Dos seus estatutos e normas reguladoras despréndese que ditas entidades teñen obxectivos e fins coincidentes cos establecidos nas bases, dispoñendo dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos mesmos (Base 2 e 3). Para dar cumprimento a este requisito, as persoas que ostentan o cargo de secretario/a, achegan unha certificación nos que se contemplan estes termos.

f) Incorpóranse ao expediente a certificacións acreditativas de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AET, Facenda da Xunta de Galicia, e Concello de Vigo, así como das obrigas coa Seguridade Social.

g) Constan as declaracións de que as entidades beneficiarias non se atopan incursas en ningunha das prohibicións do art. 13 da LXS.

h) As asociacións concorreron achegando a solicitude e anexos á solicitude, regulada na Base 9ª e aprobada como modelo oficial.

PRAZO E CONTIDO DA RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

O concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, conforme ao establecido no apartado 11ª das bases da convocatoria (“procedemento: instrución, resolución, notificación e/ou publicación, recursos e renuncia”) resolveu o nomeamento dos titulares da Comisión de Valoración que preside, de conformidade coa dita base, cos seguintes membros:

Vogal 1	Titular	Carla Candia Paz	A xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, (Por resolución do 11/04/2022)
	Suplente	Persoa que a substitúa no cargo	
Vogal 2	Titular	Marta Alonso Posada	Administrativa da Administración Xeral
	Suplente	Persoa que a substitúa	
Secretaria	Titular	Carla Candia Paz	A xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, (Por resolución do 11/04/2022)
	Suplente	Persoa que a substitúa no cargo	

Na parte dispositiva deste informe proposta, incorpórase a relación das dezaioito (18) entidades as que se lle propón conceder subvención, para os Programas para os que solicitou axuda.

Proponse, por outra lado, desestimar os conceptos e a emenda relacionada a continuación, por incumprir coas condicións e requisitos establecidos nas bases.

Deste xeito, a comisión de valoración, en xuntanzas do 6 e 26 de outubro de 2022, e conforme á información e documentación obrante no expediente, procede a realizar a avaliación das solicitudes presentadas cos resultados expostos na acta da comisión asinada por todos os seus compoñentes e que se achega xunto co expediente, acordando o seguinte:



Concello de Vigo

RETIRADA DE CONCEPTOS SOLICITADOS POR NON CONSIDERARSE CONCEPTOS SUBVENCIONABLES

Unha vez analizadas as solicitudes presentadas, e conforme á base terceira da convocatoria de subvencións “Gastos subvencionables” e a base 5ª “Compatibilidade de subvencións”, a comisión de valoración considera que non son gastos subvencionables os descritos a continuación:

- **Asociación Cultural e Deportiva Xestas:**
Unha vez examinada a súa solicitude, a Comisión de Valoración, acorda retirar os seguintes conceptos: Trofeos (770 €), fichas federativas (635 €), electricidade (420 €), por constar na solicitude de subvención presentada no servizo de Deportes. Así mesmo, acorda continuar co proceso de outorgamento tendo en conta unicamente os seguintes conceptos: Seguros (1.063,00 €), material publicitario (1.361,00 €), bebidas acto de clausura (316 €) por un importe total de 2.740,00 €
- **Hermandad de Devotos de San Roque:** a Comisión de Valoración, acorda retirar o concepto “*Diseño y desarrollo página web corporativa*” por un importe de 1.348,00 €, por considerar que, conforme á base 3ª da convocatoria “*gastos subvencionables*”, dito concepto non ten encaixe dentro do programa solicitado:

Programa III: gastos de **deseño, maquetación e edición de publicacións** en papel ou en soportes dixitais; e gastos de impresión e distribución de publicacións

Solicitudes con “Gastos Non Subvencionables” conforme á base 3º da convocatoria (Gastos subvencionables) e á base 5ª (compatibilidade de subvencións)				
CIF	ENTIDADES	PROGRAM A	CONCEPTOS	IMPORTE
G-36628543	ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA XESTAS	I	Trofeos, fichas federativas , electricidade (Base 5ª: incompatibilidade de subvencións- Deportes)	1.825,00 €
G-36763225	HERMANDADE DEVOTOS DE SAN ROQUE	III	Deseño páxina web (Base 3ª Gastos Subveccionables)	1.348,00 €

DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDES DE MODIFICACIÓN DE PROXECTOS INICIAIS

- **Asociación de Veciños de Parada-Maceiriña Rúas e Fontes:** con data 16.9.2022, a entidade presenta a súa solicitude de subvención (documento nº 220224137) dentro do prazo outorgado para a súa presentación (do 9 ao 18 de setembro). Unha vez examinada a documentación presentada, apreciase que a súa solicitude non reúne

todos os requisitos establecidos nesta convocatoria, polo que se lle require para que emenda a falta no prazo máximo de 10 días.

Con data 8.10.2022 a entidade presentada a documentación requirida (nº 220252708), si ben, presenta un novo Anexo III “Orzamento dos gastos Subvencionables” onde se detalla que o total dos gastos do proxecto ascenden a un total de 4.400,00 € e que solicitan unha subvención por importe de 2.700,00 €. Estes importes coinciden con estipulado no Anexo I de Solicitud presentada como emenda á solicitude inicial. Si ben, supón unha variación substancial respecto do Anexo III presentado inicialmente, onde es estipulaba que o orzamento dos gastos era unicamente de 2.200,00 € sen especificar o importe de subvención solicitado.

Polo tanto, se propón a desestimación da rectificación presentada, xa que se produce unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, ao tempo que, tampouco pode ser considerada como unha emenda da documentación presentada ou dun defecto subsanable nin unha mellora voluntaria das solicitudes, ao abeiro do artigo 39 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo das Administracións Públicas (LPAP).

En definitiva, dita rectificación supoñen unha reformulación ou modificación “de facto” do proxecto inicialmente presentado, realizada fóra de prazo e non contemplada nas bases da convocatoria:

Gastos non contemplados no proxecto da solicitude inicial				
CIF	ENTIDADES	PROGRAM A	CONCEPTO	IMPORTE
G-36655942	Asociación de Veciños de Parada-Maceiriña Rúas e Fontes	I	Aumenta o importe do orzamento de gastos do proxecto inicial, polo que se desestima dito incremento e mantense o proxecto inicial por un importe de 2.200,00 €	2.700,00 €

Como Anexos ao presente informe, constan no expediente os seguintes documentos:

1. **ACTA DA COMISIÓN DE VALORACIÓN.**

2. **TÁBOA “BAREMO”** na que se reflicten os datos e puntuacións obtidas por cada entidade nos programas correspondentes.

Á vista do exposto anteriormente, una vez avaliadas as solicitudes achegadas pola Comisión de Valoración, recibido o informe de fiscalización favorable emitido polo servizo da Intervención xeral municipal e, de conformidade coa Base 11 da norma reguladora da subvención, formúlase a seguinte proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento. Débese ter en conta que no apartado sétimo, solicítase ampliar o prazo de xustificación das



Concello de Vigo

subvencións outorgadas, o cal estaba previsto no informe inicial para o 17 de novembro de 2022, xa que dito prazo resulta de imposible cumprimento ao estar aínda pendente a concesión e notificación de ditas subvencións:

RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A ORGANIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS PARA O ANO 2022:

PRIMEIRO: CONCEDER, ás dezoito (18) entidades que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 9240 4890000, denominada “Subvencións a entidades cidadás”, cunha dotación de 115.000,00 €, unha subvención en concepto de gastos recollidos en algún dos 3 Programas previstos na “Convocatoria das subvencións para a organización e difusión de actos sociais e encontros veciñais para o ano 2022”, pola contía que se reflicte a seguir:

· **Programa I:** Gastos correntes derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de instalacións móbiles

CIF	ASOCIACIÓN	Total Ptos	PROXECTO PROGR. I	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN
G-36649325	Asociación Veciñal “O Carballo” de Sárdoma	26	Festa do Socio: Carpa	1.694,00 €	1.694,00 €
G-36632081	A.V.C.V- C.S.C.R de Beade	29	Festa da Cereixa: Carpa	2.420,00 €	2.420,00 €
G-36617082	C.C.R. De Valladares	33	Revoltallo. Edición 29: Carpa	2.700,00 €	2.700,00 €
G-36791291	Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo	19	Folclore no monte: Carpa	4.500,00 €	2.700,00 €
G-36655942	A.VV Rúas e Fontes-Parada	26	Magosto e Serán popular: Carpa	2.200,00 €	2.200,00 €
G-36648095	Irmandade de Festas Santa Ana-Beade	20	Festival Costa da Rúa Son 2022: Carpa	2.700,00 €	2.700,00 €
G-36731404	Comisión Festas Nosa Sra das Neves A Guía	32	Montaxe carpa e estruturas Festa da Guía	1.936,00 €	1.936,00 €

G-36790228	Comisión Festas Virxen Aflixidos Zamáns	22	Festas Patronais: Carpa	1.089,00 €	1.089,00 €
G-36837425	Hermandad Fiestas Santa Marina de Cabral	30	Festas Patronais: Carpa	1.200,00 €	1.200,00 €
G-36954162	irmandade Nosa Sra das Neves de Matamá	28	Festas Patronais: Carpa	1.936,00 €	1.936,00 €
G-36757003	Hermandad Fiestas Patronais de Candeán	30	3 Festas Patronais: Carpa	5.747,50 €	2.700,00 €
TOTAIS Progr. I.				28.122,50 €	23.275,00 €

· **Programa II:** Gastos correntes derivados da organización de xogos populares.

CIF	ASOCIACIÓN	Total Ptos	PROXECTO PROGR. II	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN
G-36620854	S.C.D. Atlántida de Matamá	30	XLIII Xogos Intersociais. Vigo	3.000,00 €	3.000,00 €
G-36628543	A.C.D.Xestas	42	XXXIV Torneo Cidade de Vigo de Petanca e Chave (autonómico)	2.740,00 €	2.740,00 €
G-15858723	Federación Gallega de Dominó	26	Campionato de España Dominó por equipos	12.419,40 €	8.997,20 €
TOTAIS Progr. II.				18.159,40 €	14.737,20 €

· **Programa III:** gastos de deseño, maquetación e edición de publicacións en papel ou en soportes dixitais; e gastos de impresión e distribución de publicacións.



Concello de Vigo

CIF	ASOCIACIÓN	Total Ptos	PROXECTO PROGR. III	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN
G-36641033	A.VV. José Casas – Vila de Bouzas	27	Libro Historia Bouzas	7.410,00 €	7.410,00 €
G-36620854	S.C.D. Atlántida de Matamá	39	Libro Historia Matamá	13.634,40 €	10.000,00 €
G-36648095	Irmandade de Festas Santa Ana-Beade	39	Libro de Festas	6.225,45 €	4.000,00 €
G-36731404	Comisión Festas Nosa Sra das Neves A Guía	39	Libro de Festas	3.509,00 €	3.509,00 €
G-36790228	Comisión Festas Virxen Aflixidos Zamáns	34	Libro de Festas	3.025,00 €	3.025,00 €
G-36763225	Hermandad Devotos de San Roque	27	Deseño e impresión publicacións (folletos, flyer, cartelería)	1.051,00 €	1.051,00 €
G-36837425	Hermandad Fiestas Santa Marina de Cabral	38	Libro de Festas	4.300,34 €	4.000,00 €
G-36954162	irmandade Nosa Sra das Neves de Matamá	35	Libro de Festas	4.000,00 €	4.000,00 €
G-36846921	Irmandade de Festas das Dores de Cabral	30	Libro de Festas	3.406,46 €	2.506,46 €
G-36757003	Hermandad Fiestas Patronales de Candeán	39	Libro de Festas	3.663,88 €	3.663,88 €
G-36633030	Asociación Cultural de Festas da Consolación de Coia	39	Libro de Festas	4.488,00 €	4.000,00 €
			TOTAIS Progr. III	54.713,53 €	47.165,34 €

SEGUNDO: DESESTIMAR,, conforme á base 3ª “Gastos subvencionables” e, a base 5ª “Compatibilidade de subvencións” da convocatoria os gastos que se describen a continuación, por considerar que non son gastos subvencionables:

Solicitudes con “Gastos Non Subvencionables” conforme á base 3º da convocatoria (Gastos subvencionables) e á base 5ª (compatibilidade de subvencións)				
CIF	ENTIDADES	PROGRAMA	CONCEPTOS	IMPORTE
G-36628543	ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA XESTAS	I	Trofeos, fichas federativas , electricidade (Base 5ª: incompatibilidade de subvencións- Deportes)	1.825,00 €
G-36763225	HERMANDADE DEVOTOS DE SAN ROQUE	III	Deseño páxina web (Base 3ª Gastos Subvencionables)	1.348,00 €

TERCEIRO: DESESTIMAR a solicitude de modificación presentada pola entidade “Asociación de Veciños de Parada Maceiriña Rúas e Fontes”, xa que dita rectificación supón unha reformulación ou modificación “de facto” do proxecto inicialmente presentado, realizada fóra de prazo, e non contemplada nas bases da convocatoria:

Gastos non contemplados no proxecto da solicitude inicial				
CIF	ENTIDADES	PROGRAMA	CONCEPTO	IMPORTE
G-36655942	Asociación de Veciños de Parada-Maceiriña Rúas e Fontes	I	Aumenta o importe do orzamento de gastos do proxecto inicial, polo que se desestima dito incremento e mantense o proxecto inicial por un importe de 2.200,00 €	2.700,00 €

CUARTO: NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 40 e 41 da Lei 39/2015 do PAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 do PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

QUINTO: INFORMAR, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, das subvencións tramitadas e outorgadas, referindo as bases reguladoras das subvencións, convocatoria, identificación das beneficiarias e contía outorgada.



Concello de Vigo

SEXTO: ORDEAR, aos efectos do disposto no art. 20 da LSG, e publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, en aplicación dos principios recolleitos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, unha vez aprobadas as subvencións concedidas con indicación da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, o beneficiario, a cantidade concedida o obxectivo e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)

SÉTIMO: AMPLIAR o prazo de xustificación das subvencións outorgadas, regulado na cláusula décimo terceira das bases, ata o día **30 de novembro de 2022** [...]

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(970).- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA MERCANTIL BANCO DE SANTANDER S.A. CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE INTERPOSICIÓN DE PENALIDADES EN RELACIÓN COA PRESTACIÓN DO SUBMINISTRO EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO DE VEHÍCULOS PARA A POLICÍA LOCAL. 43577/212.

Dáse conta do informe-proposta de data 11/11/2022, asinado polo xefe de Área de Seguridade e Mobilidade e pola concelleira-delegada e Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- O 17 de outubro de 2022 a mercantil BANCO SANTANDER, S.A., presenta por medio de representante e a través do Rexistro Xeral RECURSO DE REPOSICIÓN ante a Xunta de Goberno Local contra o acordo deste último órgano adoptado en sesión ordinaria de 16 de xuño de 2022 no expediente 43.577/212 no que se dispuxo

“1º Impoñer á mercantil BANCO SANTANDER, S.A. (Bansacar) con CIF A39000013, a cantidade de 5.469,53 euros en concepto de penalidade polos 209 días de demora en someter 8 vehículos – das clases I e II- á ITV periódica, segundo os prazos regulamentariamente establecidos.

2º Esixir á mercantil o reintegro dos 1.600,00 euros abonados polo Concello de Vigo á Xefatura Provincial de Tráfico polas 8 sancións impostas por non pasar a ITV periódica en prazo.

3º.- *Previa audiencia do contratista, e en defecto do seu abono anterior á conclusión do contrato, as penalidades e o reintegro imputaranse en fase de liquidación á garantía constituída.*

RECURSOS (ART. 88 DA LEI 39/2015 DO P.A.C.)

O presente acordo pon fin a vía administrativa (art. 114.1. c da Lei 39/2015).

Contra o mesmo o interesado poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o propio órgano que o ditou, no prazo dun mes contado desde o día seguinte á súa notificación (arts. 123 e 124 da Lei 39/15); ou recurso contencioso-administrativo directo ante os Xulgados do Contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa notificación (art. 46.1 da Lei 29/98 da X.C.A., sen prexuízo de que o interesado poida exercitar calquer outro que estime oportuno.”

Segundo.- Articulado en cinco motivos, solicítase a declaración de nulidade do acordo.

Seguindo unha orde lóxica de medio a fin, os motivos primeiro (responsabilidade exclusiva dos policía condutores dos vehículos na comisión da infracción imposta pola Xefatura Provincial de Tráfico), segundo (Banco Santander cumpriu escrupulosamente as súas obrigacións contractuais) e cuarto (infracción do principio de boa fe contractual polo Concello) constitúen unha tríada de estudo preferente.

Os motivos terceiro (falta de proporcionalidade na cualificación da penalidade e do seu importe) e quinto (prescrición da penalidade) constitúen unha díada cuxa consideración pende da desestimación daqueles outros.

Terceiro.- Por medio de otrosíes, interésase (primeiro) a práctica de proba sobre o efectivo cumprimento das súas obrigacións contractuais polo adxudicatario e sobre a falta de boa fe contractual do Concello, e (segundo) a suspensión cautelar da execución do acordo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Requisitos formais.

O recurso é presentado dentro do prazo legalmente establecido e por medio de representante con poder bastante.

Segundo.- Cuestións de fondo.

Con fundamento no contrato de subministración en réxime de arrendamento (renting) de 17 vehículos para o servizo da Policía Local, o acordo do 16 de xuño de 2022 contén unha dobre decisión.



Concello de Vigo

Por unha banda, a imposición dunha penalidade por incumprimento contractual.

Pola outra, o pago dunha cantidade como indemnización polos danos ocasionados ao concello como consecuencia do devandito incumprimento

Terceiro.- Da penalidade imposta.

1 Conforme aos pregos reitores do contrato, e en canto aquí interesa, á adxudicataria correspondía someter os 17 vehículos á inspección técnica.

Así quedou establecido no apartado 3.3.1 do Prego de Prescricións Técnicas, en relación co disposto no art. 10.1 do Regulamento Xeral de Vehículos (RD 2822/98), e os arts. 4, 5, 6 e concordantes do Real Decreto 920/17 polo que se regula a inspección técnica de vehículos.

2 A cláusula contractual implicaba unha obrigación de facer a cargo do contratista que consistía na presentación dos vehículos subministrados ante a correspondente estación ITV na data certa en que resultase obrigatoria conforme ao establecido naquelas disposicións regulamentarias.

Data certa que enerva a pretensión do contratista de ser informado polo Concello do “estado dos vehículos”, absolutamente irrelevante. Unicamente importaba aquí o “estado do prazo” da súa exclusiva incumbencia.

3 Para o seu cumprimento, ao Concello correspondía unicamente poñer os vehículos a disposición do contratista adxudicatario na forma e prazos solicitados por este.

4 Os vehículos relacionados no acordo do 16 de xuño de 2022 non foron sometidos á inspección técnica obrigatoria no prazo legalmente establecido, e é precisamente ese incumprimento contractual a única causa determinante da penalidade contractual imposta.

5 Como quedou dito no acordo recorrido “O reproche sobre o suposto descoñecemento do contratista da chegada do prazo para o sometemento dos vehículos á ITV implica unha dislocación das respectivas posicións das partes no contrato, radicalmente incompatible co mandato legal e terminante conforme ao cal *A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración*” (art. 212.3 do RDL 3/11).

6 A conclusión resulta clara e inevitable.

A penalidade imposta ao contratista en nada queda determinada polas sancións imposta ao Concello pola Xefatura Provincial de Tráfico.

Dito doutro xeito; aínda que non se impuxeran ditas sancións, o incumprimento contractual estaría consumado e a conseguente responsabilidade resultaría plenamente esixible.

Cuarto.- Da indemnización por danos.

1 O acordo do 16 de xuño de 2022 contén tamén a obrigaón de indemnizar ao Concello polo importe das multas impostas e pagas por non someter o contratista os vehículos á inspección técnica obrigatoria legalmente establecida.

2 Convén empezar por advertir que coa devandita decisión non se lle impón ao contratista ningunha sanción, e que este non tiña a condición de interesado nos respectivos procedementos sancionadores seguidos, en aplicación da lei de tráfico e os seus regulamentos de desenvolvemento, pola Xefatura Provincial de Tráfico contra o Concello de Vigo conforme ao disposto no art. 82 f) e concordantes do RDL 6/2015.

3 Os motivos primeiro e segundo do recurso condénsanse en soste a nulidade do acordo porque i) a lexislación de tráfico non establece como infracción non someter os vehículos a inspección técnica en prazo, senón unicamente circular con eles sen sometelos á devandita inspección, e ii) son os policía locais e non Banco Santander quen conducía os vehículos.

Descartada a conexión causal entre o procedemento sancionador en materia de tráfico e a penalidade imposta en aplicación do contrato, a consideración dos motivos susbsiste no relativo á indemnización por danos.

4 Ningún dos dous motivos poden ser acollidos.

O art. 76 o) da Lei de Tráfico tipifica como infraccións graves “Circular cun vehículo que incumpra as condicións técnicas regulamentariamente establecidas, salvo que sexa cualificada como moi grave, así como as infraccións relativas ás normas que regulan a inspección técnica de vehículos”.

Fronte á meridiana claridade do tenor literal do precepto nas súas dúas descrições típicas, o recurso apúntase á primeira.

Pero é a segunda a que vén en aplicación e nela non se inclúen nin as eventuais deficiencias técnicas nin a acción de conducir como elementos constitutivos da infracción, senón a pura remisión ás normas regulamentarias sobre a inspección técnica de vehículos.

O principio de legalidade queda suficientemente colmado con tal de entender limitada a remisión legal (lei formal previa) ás normas contidas nos reais decretos 2822/1998 e 920/2017 (lei certa e estrita en forma de colaboración regulamentaria).



Concello de Vigo

5 En verdade, resultaría extremadamente inquietante en termos de mantemento da seguridade viaria a cargo dos poderes públicos, un poder de autodisposición do titular/arrendatario a longo prazo sobre o control do estado do vehículo como o que suxire o recurso ao rexeitar a existencia da devandita infracción.

Repárase tamén na súa eventual aplicación ao obxecto do contrato. En opinión do recorrente, inmovilízanse os vehículos destinados ao servizo de Policía Local para evitar a infracción.

Quinto.- Da prescrición.

Confirmada a existencia da infracción contractual, corresponde dar resposta á prescrición.

Neste extremo, o recurso non aporta ningún elemento novo respecto das alegacións presentadas contra a proposta do acordo.

Corresponde, pois, reiterarse nos motivos polos que rexeitouse a alegada prescrición nos fundamentos xurídicos 6º a 8º do acordo recorrido.

Sexto.- Da base do cálculo da penalidade imposta.

O recurso considera a base do cálculo da penalidade imposta inxusta, arbitraria e desproporcionada. O acordo impugnado aplica neste extremo o art. 212 da Lei de Contratos ao que se remite o prego de cláusulas administrativas particulares.

Dise en apoio da oposición que carece de falta a proporcionalidade porque durante os 209 días de incumprimento do prazo para someter os vehículos á ITV, o Concello utilizounos.

E, en efecto, utilizounos sen remedio posible. Pero sen estar sometidos á ITV periódica obrigatoria dentro do prazo.

A penalización contractual aplicada conleva integramente o prexuízo inflixido ao Concello.

Sétimo.- Da base do cálculo da indemnización.

Nos motivos segundo e cuarto do recurso oponse fronte ao importe de 1.600 euros de indemnización que o Concello debeu acollerse ao pago voluntario das sancións do art. 94 da Lei de Tráfico, nese caso o importe da indemnización quedaría establecida en 800 euros por aplicación da redución do 50 por cento do importe das multas do procedemento sancionador seguido contra o Concello.

Este motivo estímase.

En efecto, de haberse acollido ao pago voluntario, certamente desacostumbrado por razóns notorias coa correspondente falta de reflexo orzamentario, o importe da indemnización esixible sería de 800 euros.

Oitavo.- Da falta de boa fe contractual imputable ao Concello.

O motivo quinto do recurso di que o Concello comunicou á prensa antes que ao Banco Santander o problema coa ITV dos vehículos, no que considera unha actuación de mala fe.

A noticia de La Voz de Galicia que segundo o motivo soporta a mala fe contractual do Concello, nin é un feito do Concello (do órgano de contratación ou do responsable do contrato) nin garda relación algunha coa execución do contrato.

Noveno.- Da solicitude de proba.

1 Interesa a recorrente o recibimento a proba sobre

- i) O cumprimento do contratista das súas obrigacións.
- ii) O incumprimento polo Concello do principio da boa fe contractual.

2 Toda a proba proposta descansa no procedemento sancionador seguido contra o Concello pola Xefatura Provincial de Tráfico segundo o disposto na Lei de Tráfico, no que Banco Santander non tiña a condición de interesado.

3 Se insiste en que a penalidade imposta ten como único fundamento o contrato de arrendamento celebrado entre o Concello e Banco Santander.

Chegada a data certa de sometemento dos vehículos á ITV, Banco Santander non cumpriu a súa obrigaón contractual.

Como quedou dito, aínda que non se impuxeran ditas sancións, o incumprimento contractual estaría consumado e a consecuente responsabilidade resultaría plenamente esixible.

4 Con todo, o recorrente dispuxo do período de alegacións sobre a proposta de acordo para pedir proba sobre os extremos interesados.

5 Por iso, a proba proposta resulta en primeiro lugar manifestamente non procedente nin necesaria (art. 77 da Lei 39/2015), e ademais extemporánea (art. 118 da Lei 39/2015).



Concello de Vigo

Décimo.- Da suspensión cautelar do acto recorrido.

1 A petición descansa na suposta concorrencia dos dous motivos previstos no art. 117.2 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común.

2 A penalidade e a indemnización implican un mero desembolso económico desprovisto de todo prexuízo irreparable ou difícil de reparar.

3 A invocación da causa de nulidade pola ausencia de todo procedemento carece notoriamente de fundamento.

O contratista presentou alegacións oportunamente contra a proposta do acordo antes da súa elevación á Xunta de Goberno Local, e obtivo resposta motivada a todas elas no acordo recorrido.

A aplicación do art. 212 no precisou de ningún outro trámite.

En mérito de canto antecede, o funcionario que subscribe ben propoñer á Concelleira delegada de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal que eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO

1º.- Desestimar de plano a proposición de proba solicitada no recurso interposto por BANCO SANTANDER, S.A. contra o acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria de 16 de xuño de 2022 no expediente 43.577/212, por resultar manifestamente non procedente ou necesaria, e ademáis extemporánea.

2º.- Estimar en parte o recurso de reposición.

A estimación do recurso afecta unicamente ao apartado 2º do acordo, e na súa virtude queda redactado como sigue

“ 2º Esixir á mercantil o reintegro de 800 euros dos 1.600,00 euros abonados polo Concello de Vigo á Xefatura Provincial de Tráfico polas 8 sancións impostas por non pasar a ITV periódica en prazo.”.

3º.- Desestimar en todo o demais as pretensións do recurso de reposición.

4º.- Desestimar a petición de suspensión do acordo interesada, por notoria falta de fundamento das causas invocadas no recurso.

5º Contra o presente Acordo, o interesado poderá interpoñer recurso Contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a súa notificación, ante os Xulgados do Contencioso-administrativo da cidade de Vigo (art. 14 e 46.1 e 4 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(971).- RECTIFICACIÓN DAS BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE OFICIAIS DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS APROBADAS POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 06/10/2022. EXPTE. 40756/220.

Dáse conta do informe-proposta de data 07/11/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En data 13/09/2022, pola xefatura do Servizo de Educación coa conformidade da concellería delegada competente, solicitan á Área de RRHH e Formación, a cobertura de 27 postos de oficiais de instalacións;

II.- En data 20/09/2022, a Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal procedeu á incoación de expediente administrativo.

III.- En data 06/10/2022 a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación das Bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego de Oficial de Instalacións (C2). Expediente 40756/220.

IV.- En data 02/11/2022 recíbese por rexistro o documento nº 220271581 de P. Martínez Pampillón, con DNI ***1842**, incorporado ao presente expediente electrónico, solicitando a corrección das bases do proceso selectivo, por non incluír nos órganos de selección ao persoal laboral fixo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece que as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, do oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

II.- Advertido o erro na base VII do Anexo I que contén as bases do proceso selectivo, publicado no BOPPO nº 200 en data 19/10/2022, procede rectificar a redacción referente aos vogais dos órganos de selección incluíndo ao persoal laboral fixo, de xeito que quede redactado da seguinte maneira:

“Vogais:



Concello de Vigo

-Tres funcionarios/as de carreira **ou persoal laboral fixo** do Concello de Vigo o seu organismo autónomo, ou doutros organismos públicos encadrado/a no subgrupo C2 de titulación de nivel igual ou superior, e que pertenza a un Corpo, Escala ou categoría profesional na que se requira unha titulación igual ou superior a esixida para participar no proceso selectivo convocado e, que comparecerá en todo caso a título individual.”

III.-En consecuencia, visto o recollido no artigo 37.2.e) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o TREBEP, e vistas as atribucións que en canto á aprobación das bases reitoras dos procedementos de selección de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo establece o artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime Local; coa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, sométese ao criterio de aquela a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO

“**Primeiro.-** Rectificar ao abeiro do art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo común, o erro detectado por P. Martínez Pampillón, con DNI ***1842** no acordo da Xunta de Goberno Local de data 06/10/2022 de xeito que, no punto VII das bases do proceso selectivo para a formación dunha Bolsa de Oficiais de Instalación Municipais, como Anexo I:

Onde dí:

“Vogais:

Tres funcionarios/as de carreira do Concello de Vigo o seu organismo autónomo, ou doutros organismos públicos encadrado/a no subgrupo C2 de titulación de nivel igual ou superior, e que pertenza a un Corpo, Escala ou categoría profesional na que se requira unha titulación igual ou superior a esixida para participar no proceso selectivo convocado e, que comparecerá en todo caso a título individual.”

Debe dicir:

“Vogais:

Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Vigo o seu organismo autónomo, ou doutros organismos públicos encadrado/a no subgrupo C2 de titulación de nivel igual ou superior, e que pertenza a un Corpo, Escala ou categoría profesional na que se requira unha titulación igual ou superior a esixida para participar no proceso selectivo convocado e, que comparecerá en todo caso a título individual.”

Segundo.- Notificar a presente resolución ao solicitante e ordenar a súa publicación na páxina web municipal www.vigo.org e no taboleiro de edictos da Casa do Concello, para público e xeral coñecemento.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(972).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE INSTALACIÓN DE TERRAZAS DE HOSTALERÍA CON CERRAMENTO ESTABLE NA FACHADA NORTE DO CENTRO COMERCIAL A LAXE. EXPTE. 128936/210.

A Xunta de Goberno local retira este expediente da orde do día.

16(973).- ACEPTACIÓN DA DOAZÓN DE OBRA DO PINTOR GALEGO FERNANDO ÁLVAREZ DE SOTOMAYOR. EXPTE. 7304/337.

Visto o informe xurídico do 15/11/2022, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo director do Museo Quiñones de León, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo concelleiro-delegado de Cultural, que di o seguinte:

Con data 27.09.22 ***740**B, presenta escrito na sede electrónica do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, pola que oferta en doazón ao Museo Municipal “Quiñones de León” a obra “Retrato de D^a Matilde Rodríguez- Acosta co seu fillo Francisco Miguel” do pintor galego Fernando Álvarez de Sotomayor.



Concello de Vigo

Acompaña a oferta de fotografía da obra e dun informe de valoración artístico-económica do cadro, realizado polo experto Fernando Carnicero Ruiz, propietario da galería “Anticuario Ruiz Linares”.

En data 3.10.22 o doante reitera a súa oferta de doazón mediante carta dirixida ao Concelleiro delegado de Cultura acompañada de copia do seu D.N.I. que presenta na sede electrónica do Rexistro Municipal.

En data 10.10.22 o Concelleiro Delegado de Cultura resolve encomendar ao Museo municipal “Quiñones de León” a realización dun informe valorativo da oferta da doazón da obra.

Visto o cal o director do museo municipal, a partir da información recollida e as consultas bibliográficas realizadas, en data 10.11.22 emite informe valorativo do interese artístico da obra ofertada, que se inclúe no expediente, e cuxos elementos principais figuran no presente informe.

I. Descrición da obra ofertada



Ficha técnica

Título: Retrato de Dª Matilde Rodríguez-Acosta co seu fillo Francisco Miguel

Autor: Fernando Álvarez de Sotomayor

Técnica: Óleo/lenzo

Medidas: 1,83 m x 2,56 m

Datación: 1941

1. O pintor Fernando Álvarez de Sotomayor (Ferrol, 1875 – Madrid, 1960)

O pintor galego Fernando Álvarez de Sotomayor está considerado un dos gran pintores españois da súa época, “o de maior protagonismo e prestixio da súa xeneración en Galicia”¹, segundo Carlos Valle, responsable do seu catálogo universal.

Nacido en Ferrol en 1875 nunha familia burguesa, trasládase axiña a Toledo trala temprana morte do seu pai. Na capital castelá recibe a primeira formación pictórica de man dos profesores José Gutiérrez e José Vera. Foi sen embargo en Madrid, onde se traslada en 1893 para realizar estudos universitarios, onde cristaliza a súa vocación pictórica por influencia

¹ Valle, José Carlos: *Fernando A. De Sotomayor. Catalogación arqueológica y artística de Galicia*. Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 2004, p. 15.



Concello de Vigo

especialmente do pintor Manuel Domínguez en cuxo obradoiro ingresa e con que traballa ata finais de século en traballos tales como a decoración da escaleira e despacho do Ministerio de Agricultura de Madrid.

En 1899 o artista recibe pensión da Real Escola de Belas Artes de San Fernando para ampliar formación na Academia de Belas Artes de Roma e comeza entón un tour europeo que vaino levar a coñecer París, Países Baixos e Bélxica tomando contacto directo cos grandes mestres impresionistas franceses e cos barrocos framengos e holandeses, todos eles de gran influencia posterior na súa carreira .

En 1905 Sotomayor regresa a Galicia e na súa terra natal, a que tan brevemente estivera apegado, síntese fascinado polo “galaico”, entendido como o ambiente sinxelo do país, a vida de aldea, protagonizada por personaxes en escenas populares onde está moi presente a influencia de mestres como Fran Hals. Esta experiencia galaica produce algunhas das súas máis excelsas obras de completa adscripción rexionalista como “O segador”, “Saíndo de misa no pazo de Mende” ou “Comida de voda en Bergantiños”.

De volta en Madrid en 1906 consegue a primeira medalla da Exposición Nacional de Belas Artes, mérito ao que se lle suman moitos outros como o primeiro premio da Exposición Internacional de Barcelona; a medalla de ouro da Exposición Internacional de Munich; a terceira da Exposición Internacional de Lieja, etc.

Entre 1908 e 1915 o artista viaxa a América para ocupar o posto de mestre e logo de director da Escola Superior de Belas Artes de Santiago de Chile. A súa influencia é recoñecida como fundamental no país latinoamericano en tanto marca en temas e tecnicas á considerada primeira xeración de artistas chilenos coñecida como “Xeración do 13” e mesmo “Xeración Sotomayor”.

Ao seu regreso a España o pintor acada o seu momento de maior éxito, popularidade e protagonismo no medio artístico oficial ata o punto de converterse, en opinión de moitos, no pintor de Corte do Rei Afonso XIII e no favorito da aristocracia española do momento como o seu retratista.

Proba do seu gran recoñecemento e que durante toda a década dos 20 Sotomayor acada o posto de director do Museo Nacional do Prado, cargo que perde coa chegada da II República en 1931, e recupera despois, trala guerra civil española, desde 1939 ata a súa morte en 1960.

Asociado ao réxime franquista ata o final do seus días, a súa popularidade acrecentase, é obxecto de múltiples recoñecementos e segue a pintar sen descanso. Con todo á obra desta época final fáltalle xa o vigor que tiña anteriormente. Perde frescura e repite as recetas e os principios consabidos anteriormente.

Por esta causa, pero tamén por razóns non puramente artísticas, como á súa asociación ao franquismo, a fortuna crítica posterior de Sotomayor é ambivalente.

Apunta Carlos Valle que “o tempo xa transcorrido desde o seu falecemento (...) é seguro que haberá de conducir en breve, tal como xa sucedeu ou está a acontecer con moitos artistas coetáneos, a cambiar significativamente os criterios de valoración de todo o seu traballo”¹.

Ou como segue o crítico Xosé Antón Castro: “Non se pode negar que Sotomayor foi un excelente retratista, dos grandes retratistas españois deste século (XX), e non só porque o fose dunha xa anacrónica nobreza, ó xeito dos cortesáns -malia que foi o derradeiro pintor español da Corte, a de Afonso XIII-, senón porque soubo interpreta-los contextos en función das psicoloxías persoais, incrementando os niveis de idealidade ou de realidade segundo as circunstancias”².

2. Valoración histórico-artística da obra en doazón

Para valoración da obra en consideración remítome e subscribo na súa integridade o breve pero moi completo informe de valoración, que obra no expediente, aportado polo donante, elaborado polo recoñecido crítico e galerista Fernando Carnicero, de data 3.09.22, propietario da galería granadina “Anticuario Ruiz Linares”.

“Valoración de un óleo sobre lienzo de Fernando Álvarez de Sotomayor y Zaragoza (1875 – 1960)

El cuadro es un retrato de una madre con su hijo; doña Matilde Rodríguez-Acosta y su hijo, el señor Peñalver (..). Está firmado y realizado en torno a 1940. Las figuras de tamaño natural se encuentran en un interior doméstico con un paisaje al fondo de la composición.

El estado de conservación es muy bueno *pues la pintura no ha sufrido alteraciones, no ha sido nunca restaurado, ni limpiado, ni ha sufrido accidentes, excepto por un pequeño golpe que ha rasgado el lienzo dañándolo en una superficie de unos dos centímetros cuadrados. Este deterioro es muy fácilmente subsanable sin afectar su aspecto general ni a su estimación económica. La pintura debe de haber acumulado suciedad y su barniz habrá virado pues en general presenta un tono algo amarillento característico. Ello es natural y no se considera un*

1 Valle, José Carlos, Op. Cit, p. 16.

2 Castro, Xosé Antón: “Sotomayor. O rexionalismo estético e o rexionalismo cálido do espírito do 98” en catálogo da exposición Sotomayor. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1998, p. 27.



Concello de Vigo

defecto del estado de conservación, ya que una limpieza de la superficie devolvería la pintura a

su estado original devolviéndole ciertos valores y matices pictóricos que se hallan algo disminuidos por ese tono amarillento general.

El retrato sería el género en el que destacó de manera más sobresaliente Fernando Álvarez Sotomayor, llegando a ser uno de los retratistas más importantes de su tiempo en España, al

nivel de los mejores de las escuelas europeas.

A la hora de valorar esta pintura se debe de tener en cuenta por tanto el hecho de ser un retrato y debe considerarse su calidad, ya que en la producción del artista ésta variaría, aún dentro de un alto nivel.

Ello se debe a que el retrato, aparte de un género que permite al artista desarrollar sus capacidades creadoras, no dejaría de ser un medio de trabajo que responde a encargos concretos, algunos de los cuales el artista ejecutaría con más interés que otros.

Este sería indudablemente un encargo que el pintor acometería con entrega y desarrollando extensamente sus cualidades. Además, en el plano comercial deben tenerse en cuenta también la belleza de los retratados o la capacidad decorativa del cuadro.

Comparándolo con otros del artista este retrato se situaría entre los mejores realizados en las décadas de los veinte hasta los cuarenta.

Ello lo atestigua el nivel de realismo alcanzado en la representación de los retratados, no sólo en su forma sino también en la captación de sus personalidades o de ciertos valores psicológicos, con lo que su veracidad es extraordinaria. Ello se ha logrado con una técnica suelta en donde se combinan pinceladas jugosas y empastadas aplicadas de forma aparentemente descuidada o poco definida, pero en realidad utilizadas con una extrema habilidad, precisamente para lograr ese realismo sin sensación alguna de artificialidad o rigidez.

El fondo de la composición sería otro componente para tener en cuenta en la valoración. Está

creado por un paisaje realizado con esa misma técnica fluida y de apariencia ligera, en este caso incluso más que en las figuras, en el que destaca una llamativa presencia del color, el paisaje enriquece la composición que presenta un fuerte contraste, entre interior y exterior y luminosidad y oscuridad, con lo que se logra un sorprendente efecto decorativo.

Por otra parte, es cierto que en el mercado del arte los retratos han tenido desigual fortuna y en fechas recientes algunos de los más formales y menos complejos de este pintor no han

alcanzado precios muy altos en comparación con otras composiciones u otros retratos más personales o sencillamente, como es el caso de éste, más atractivos.

Álvarez de Sotomayor fue indudablemente uno de los grandes maestros de la pintura española de la primera mitad del siglo del arte figurativo continuador de la tradición decimonónica. Dentro de estos parámetros el artista adaptaría a esta tradición una personalidad propia, lo que unido a una excepcional técnica lo convierte en un artista de un gran interés.”

3. Interese público da aceptación da doazón

A Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia establece, no seu título VIII, art. 111.1., que os museos "son institucións de carácter permanente, abertas ao público e sen finalidade de lucro, orientadas á promoción e ao desenvolvemento cultural da comunidade en xeral, por medio da recollida, adquisición, (...) de bens patrimoniais de carácter cultural que constitúen testemuños das actividades do ser humano ou do seu ámbito natural, con fins de estudo, educación, disfrute e promoción científica e cultural."

O Museo Municipal de Vigo "Quiñones de León" dispón dunha das mellores coleccións de arte galega da nosa comunidade.

A obra ofertada é dunha excelente calidade e da autoría de Fernando Álvarez de Sotomayor, un dos artistas galegos de máis renome durante pasado século XX.

O museo municipal apenas dispón de representación da produción de Sotomayor, unha soa obra, anque excelente, de xuventude: "**Rapaza con gato**" (nº inv. 490); sendo de gran interese polo tanto aumentar a presenza do pintor na colección municipal con esta obra que se oferta en doazón "**Retrato de D^a Matilde Rodríguez- Acosta co seu fillo Francisco Miguel**"; sendo ambos cadros, por outra banda, do xénero retrato, de xeito que podería ofrecerse dentro da colección, aceptada a doazón, unha interese comparativa no tratamento aplicado polo pintor a unha mesma temática grazas a dúas obras tan distantes no tempo.

Por todo o cal valorase favorablemente a aceptación da doazón da obra ofertada.

E queda así plenamente xustificado o interese público e a conveniencia de aceptar a doazón da obra "Retrato de D^a Matilde Rodríguez- Acosta co seu fillo Francisco Miguel**", en beneficio do Concello de Vigo e con destino ao seu Museo Municipal "**Quiñones de León**".**

II. Valoración económica da obra ofertada e outras consideracións



Concello de Vigo

En base ao informe valorativo que acompaña a oferta de doazón establececese o valor económico de **15.000 euros** para esta obra.

A obra presenta un bo estado de conservación.

En data 4.11.22 o ofertante presenta declaración conforme a obra ofrecida en doazón está libre de cargas, gravames, litixios ou calquera outra circunstancia que puidera afectar á propiedade das mesmas ou o seu valor no momento de referencia.

O ofertante declara que se trata dunha doazón simple sen condición de ningunha clase; se ben o Concello de Vigo naturalmente, aceptada a doazón, deberá proceder á súa recollida e traslado desde a súa ubicación actual na cidade de Granada ata o museo municipal de Vigo, transporte que se estima nun custe máximo de 6.000 € con todos os impostos incluídos.

O museo municipal de Vigo “Quiñones de León” dispon dunha única obra do pintor Sotomayor, “**Rapaza con gato**” (nº inv. 490), retrato de personaxe anónimo, correspondente ao seu periodo de formación de 1897-1900.

A obra ofertada en doazón “**Retrato de D^a Matilde Rodríguez- Acosta co seu fillo Francisco Miguel**” corresponde a un periodo de plena madurez, datado en torno 1941; e igualmente tratase dun retrato, podendo o museo establecer un interesante xogo de comparación en obras do mesmo autor tan distantes no tempo.

III. Informe xurídico favorable

En data 15.11.22 a letrada-xefa de asesoramento xurídico Susana García Alvarez emite informe acerca de que o contido documental e tramitación do expediente cumpren co sinalado na lexislación patrimonial, sinalando que unha vez aceptada pola Xunta de Goberno local deberá asinarse a acta de entrega do ben que acreditará a efectiva entrega do ben, procederase a modificación do Inventario Municipal nos termos sinalados no artigo 22 do RBEL respecto do inventario dos bens mobles de carácter histórico, artístico ou de considerable valor económico e tamén procederá a modificación do inventario do museo conforme o disposto no artigo 115.1 da LPCG.

Visto todo o cal, co informe favorable da letrada-xefa de asesoramento xurídico; coa conformidade do Xefe do Servizo de Promoción e Xestión Cultural; e do Concelleiro Delegado da Área de Cultura; faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA.-

"Aceptar a doazón da obra "Retrato de D^a Matilde Rodríguez- Acosta co seu fillo Francisco Miguel" do pintor galego Fernando Álvarez de Sotomayor, ofertada en doazón por ***740**B, cuxa descrición obra no anexo; para o seu ingreso na colección de arte galega do Museo Municipal "Quiñones de León"; procedendo á modificación do Inventario Municipal nos termos sinalados no artigo 22 do RBEL respecto do inventario dos bens mobles de carácter histórico, artístico ou de considerable valor económico e á modificación do inventario do museo conforme o disposto no artigo 115.1 da LPCG."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO.- OBRA OBXECTO DA DOAZÓN



Ficha técnica



Concello de Vigo

Título: Retrato de D^a Matilde Rodríguez- Acosta co seu fillo Francisco Miguel

Autor: Fernando Álvarez de Sotomayor

Técnica: Óleo/lenzo

Medidas: 1,83 m x 2,56 m

Datación: 1941

Estado de conservación: Bo

Valoración económica: 15.000 €

17(974).- CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS PARA A CESIÓN AO CONCELLO DE VIGO DA TITULARIDADE DA “E.P 2001 CALVARIO LA GARRIDA, TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO-330). LUGAR DE PORTO, ENTRE REGATO QUINTIÁN E O Nº 77 DA ESTRADA DO PORTO”, E PARA O FINANCIAMENTO E EXECUCIÓN DAS OBRAS PRECISAS PARA A SÚA TRANSFORMACIÓN E AMPLIACIÓN. EXPTE. 1399/441.

Visto o informe xurídico de data 21/10/2022 e o informe de fiscalización do 10/11/2022, dáse conta do informe-proposta do 27/10/2022, asinado pola técnica de Xestión, o técnico de Admón. Xeral de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado Fomento e Servizos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data de 30/12/2016, foi asinado o Convenio de Colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Excmo. Deputación de Pontevedra para regular as actuacións para Cesión ao Concello de Vigo da titularidade da “E.P. 2001 Calvario a Garrida. tramo Iglesia de Beade a Garrida (PO-330). lugar de Porto, entre regato Quintián e o nº 77 da estrada do Porto”, e para o financiamento e execución das obras precisas para a súa transformación e ampliación.

No marco deste proxecto para a execución das obras precisas para a transformación e ampliación. “E.P. 2001 Calvario a Garrida. tramo Iglesia de Beade a Garrida (PO-330), o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra veñen desenvolvendo unha proposta de colaboración conxunta, marco das súas propias competencias e de acordo cos principios de cooperación económica, técnica e administrativa tanto en servizos locais como en asuntos de interese común regulados no marco da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, así como na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Segundo.- O convenio asinado con data 30 de decembro de 2016, estableceu como vixencia do mesmo o prazo dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2018, sen prexuízo da súa prórroga ata o total cumprimento das previsións contidas no mesmo.

Terceiro.- En base ao obxecto do convenio e no marco do mesmo, foron desenvolvidas tres “addendas” co obxecto dar cumprimento as obrigas das partes, en relación o axuste financeiro así como a adecuación da temporalidade a execución real das

actuacións de acordo as seguintes condicións:

- ADDENDA nº 1 CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A CESIÓN AO CONCELLO DE VIGO DA TITULARIDADE DA “E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO-330). LUGAR DE PORTO, ENTRE REGATO QUINTIÁN E O Nº 77 DA ESTRADA DO PORTO”, E PARA O FINANCIAMENTO E EXECUCIÓN DAS OBRAS PRECISAS PARA A SÚA TRANSFORMACIÓN E AMPLIACIÓN.
 - Asinada con data 21/12/2018.
 - Ampliación do prazo de vivencia ata o 31/12/2020.
- ADDENDA Nº 2 CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A CESIÓN AO CONCELLO DE VIGO DA TITULARIDADE DA “E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO-330). LUGAR DE PORTO, ENTRE REGATO QUINTIÁN E O Nº 77 DA ESTRADA DO PORTO”, E PARA O FINANCIAMENTO E EXECUCIÓN DAS OBRAS PRECISAS PARA A SÚA TRANSFORMACIÓN E AMPLIACIÓN.
 - Asinada con data 27/12/2019.
 - Adecuación financeira:
 - Deputación Provincial: 2.419.903,50 €.
 - Concello de Vigo: 413.924,00 € (De acordo coa proposta de axuste de anualidades o Concello de Vigo comprométese en financiar calquera modificación ou alteración que se produza no ámbito de execución deste obra e que leve implícito un maior gasto en relación a financiación indicada).
 - Ampliación do prazo de vixencia ata o 31/12/2021.
- ADDENDA Nº 3 CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A CESIÓN A ESTE DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO-330). LUGAR DE PORTO E PARA EXECUCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIGA (PO-330). LUGAR DE PORTO”, PARA A SÚA ADECUACIÓN TEMPORAL.
 - Asinada con data 03/12/2021.
 - Ampliación do prazo de vixencia ata o 15/10/2022.

Cuarto.- Con data 10 de outubro de 2021 o Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, resolveu a iniciación do expediente para a aprobación dun novo “convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra para a continuidade das actuacións da cesión ao Concello de Vigo da titularidade da “E.P. 2001 Calvario a Garrida. tramo Igrexa de Beade a A Garrida (PO-330). lugar de Porto, entre regato Quintián e o nº 77 da estrada do Porto”, e para o



Concello de Vigo

financiamento e execución das obras precisas para a finalización das obras de transformación e ampliación”.

Quinto.- O Xefe dos Servizos Xurídicos da Área de Servizos Xerais con data 21.10.2022 emite informe xurídico concluíndo que non existe inconveniente legal para que a Xunta de Goberno Local aprobe o NOVO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EXCMA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS PARA A CESIÓN AO CONCELLO DE VIGO DA TITULARIDADE DA “E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO-330). LUGAR DE PORTO, ENTRE REGATO QUINTIÁN E O Nº 77 DA ESTRADA DO PORTO”, E PARA O FINANCIAMENTO E EXECUCIÓN DAS OBRAS PRECISAS PARA A SÚA TRANSFORMACIÓN E AMPLIACIÓN.

FUNDAMENTOS

I.- Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo.

II.- Convenio

A celebración de convenios de colaboración entre entidades de dereito público, atópase prevista nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público, así como nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia

En canto ao seu contido e procedemento, axustado á lexislación de procedemento administrativo e de subvencións, detállase no informe xurídico obrante no expediente.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

O obxecto do convenio é establecer as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para o cofinanciamento e a execución das obras precisas para A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS PARA A CESIÓN AO CONCELLO DE VIGO DA TITULARIDADE DA "E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO-330). LUGAR DE PORTO, ENTRE REGATO QUINTIÁN E O Nº 77 DA ESTRADA DO PORTO", E PARA O FINANCIAMENTO E EXECUCIÓN DAS OBRAS PRECISAS PARA A SÚA TRANSFORMACIÓN E AMPLIACIÓN.

En virtude do convenio, a Deputación Provincial se compromete a financiar a execución das obras obxecto do convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto no mesmo. A tal fin disporá dos recursos indicados co carácter de achega completa para a execución das mesmas. Asemade, prestará a colaboración necesaria e facilitará canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

O Concello de Vigo asume as seguintes obrigas fundamentais: financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto no convenio; a tal fin dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento das actuacións previstas na memoria e nos proxectos técnicos; licitar os proxectos que conforman as actuacións obxecto do convenio; executar, controlar e recibir as obras consonte aos correspondentes proxectos técnicos; contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde; obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas; dar a adecuada publicidade ao convenio, de tal xeito de que quede constancia de que as obras obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra; levar a cabo o mantemento e conservación das infraestruturas obxecto deste convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción de obra coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas; destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos; comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía; e, prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle



Concello de Vigo

sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

III.- Procedemento e competencia

Consta no expediente de aprobación do convenio, os documentos necesarios para a súa tramitación: Orde de inicio, Memoria do convenio e texto do mesmo e Informe xurídico.

No orzamento do ano 2022, aprobado polo Pleno Municipal figura crédito adecuado e suficiente para a anualidade do ano 2022 nas seguintes aplicacións orzamentarias:

Créditos vixentes no actual orzamento do Concello de Vigo: Aplicación: 1532.619.00.09.

		Créditos financiados coa achega da Deputación do convenio inicial	Créditos do Concello de Vigo
Por incorporación de remanentes: (inclúen a parte da financiación da Deputación non executada)	1.157.671,90 €	597.460,55 €	560.211,35 €
Por modificación de crédito extraordinario:	370.000,00 €		370.000,00 €
	1.527.671,90 €	597.460,55 €	930.211,35 €

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello de Vigo.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de Transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS PARA A CESIÓN AO CONCELLO DE VIGO DA TITULARIDADE DA "E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO-330). LUGAR

DE PORTO, ENTRE REGATO QUINTIÁN E O Nº 77 DA ESTRADA DO PORTO”, E PARA O FINANCIAMENTO E EXECUCIÓN DAS OBRAS PRECISAS PARA A SÚA TRANSFORMACIÓN E AMPLIACIÓN, transcrito como Anexo.

Segundo.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra a aprobación e subscrición do citado convenio que se anexa.

Terceiro.- Asumir as obrigas económicas do convenio nos termos do mesmo, o cal determina a colaboración en UN MILLÓN DOUSCENTOS NOVENTA E UN MIL OITENTA E TRES EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS” (1.291.083,31 €), dos cales lle corresponden ao Concello de Vigo SEISCENTOS NOVENTA E TRES MIL SEISCENTOS VINTE E DOUS EUROS CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS (693.622,76 €), que corresponden as seguintes contías:

Créditos pendentes do marco financeiro inicial	102.195,50 €
Novas obrigas derivadas do incremento do novo convenio	591.427,26 €
Total:	693.622,76 €

Para o seu financiamento, aplicaranse os créditos vixentes no actual orzamento do Concello de Vigo: Aplicación: 1532.619.00.09.

Cuarto.- Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.

Quinto.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS PARA A CESIÓN AO CONCELLO DE VIGO DA TITULARIDADE DA “E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO-330). LUGAR DE PORTO, ENTRE REGATO QUINTIÁN E O Nº 77 DA ESTRADA DO PORTO”, E PARA O FINANCIAMENTO E EXECUCIÓN DAS OBRAS PRECISAS PARA A SÚA TRANSFORMACIÓN E AMPLIACIÓN.

En Vigo, na data da sinatura electrónica



Concello de Vigo

INTERVEÑEN

Dunha parte, D^a María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, e D^a Susana Gallardo Fariña, en calidade de Secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadar os mesmos dereitos e servizos.

II.- Que no ámbito das actuacións da mellora da mobilidade e a seguridade vial o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra veñen desenvolvendo unha proposta de colaboración conxunta, no ámbito das súas propias competencias e de acordo cos principios de cooperación económica, técnica e administrativa tanto en servizos locais como en asuntos de interese común regulados no marco da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, así como na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; colaboración que se iniciou coa sinatura, en data de 30/12/2016, do Convenio de Colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Excmo. Deputación de Pontevedra para regular as actuacións para a Cesión ao Concello de Vigo da titularidade da "E.P. 2001 Calvario a Garrida. tramo Iglesia de Beade a Garrida (PO-330). lugar de Porto, entre regato Quintián e o nº 77 da estrada do Porto", e para o financiamento e execución das obras precisas para a súa transformación e ampliación. O citado convenio foi prorrogado na súa vixencia por medio da sinatura de tres addendas. A primeira, asinada con data 21 de decembro de 2018, que prorrogou o prazo do convenio ata o

31 de decembro de 2020, a segunda asinada con data 27 de decembro de 2019, que prorrogou o prazo do convenio ata o 31 de decembro de 2021 e a terceira asinada con data 3 de decembro de 2021, que prorrogou o prazo do convenio ata o 15 de outubro de 2022

III.- Atopándose próxima a finalización da vixencia do devandito convenio, sen prexuízo da necesidade de cumprimento das obrigas pendentes nadas durante a vixencia do mesmo, e persistindo, aínda, a necesidade de concluír a consecución dos obxectivos a que respondía o dito convenio, extinguido polo vencemento do seu prazo máximo, procede dar continuidade á colaboración iniciada entre a Excm. Deputación Provincial de Pontevedra e o concello de Vigo, mediante a sinatura dun novo convenio, co obxecto de establecer as pautas de colaboración entre ambas Administracións locais para garantir a continuidade destas actuacións, adecuando as obrigas de ambas administracións e así, poder finalizar o proxecto que busca a transformación e ampliación. "E.P. 2001 Calvario a Garrida. tramo Iglesia de Beade a Garrida (PO-330, a cal hoxe en día, superadas todas as incidencias sobre a cesión das propiedades vinculadas a execución desta obra, se pode indicar que coa aprobación do modificado nº1 deste proxecto, quedan solventadas todas as necesidades para a finalización desta obra.

IV.- - Que o artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local atribúe ás Administracións Municipais a competencia en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Por outra banda, o art. 36.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local encomenda ás deputacións o aseguramento da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal; competencia en relación coa cal a Deputación Provincial de Pontevedra, ten previsto na súa planificación a mellora á transformación sostible da infraestrutura viaria dos concellos da provincia.

V.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

VI.- Por todo o anteriormente exposto, ambas as partes manifestan expresamente o seu propósito de asinar o presente convenio de colaboración de referencia co obxecto de proceder a dar continuidade as actuación e así, poder finalizar o proxecto que busca a transformación e ampliación. "E.P. 2001 Calvario a Garrida. tramo Iglesia de Beade a Garrida PO-330", conforme aos seguintes:

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO:

É obxecto deste convenio facilitar a continuidade destas actuacións, adecuando as obrigas de ambas administracións e así, poder finalizar o proxecto que busca a transformación e ampliación. "E.P. 2001 Calvario a Garrida. tramo Iglesia de Beade a



Concello de Vigo

Garrida (PO-330, a cal hoxe en día, superadas todas as incidencias sobre a cesión das propiedades vinculadas a execución desta obra, se pode indicar que coa aprobación do modificado nº1 deste proxecto, quedan solventadas todas as necesidades para a finalización desta obra.

Os investimentos vinculados ao novo convenio atópanse definidos no Modificado nº 1. CONTRATO DE OBRAS DE HUMANIZACIÓN ESTRADA PROVINCIAL 2001- CALVARIO A GARRIDA. DE BEADE A GARRIDA (POR 330), LUGAR DE PORTO., aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 6 de outubro de 2022. Así mesmo o alcance das obrigas económicas deste convenio terán en conta como custes asociados a obra, aquelas asistencias técnicas vinculadas as direccións de obra e coordinación de seguridade e saúde.

SEGUNDO: IMPORTE E FINANCIAMENTO:

1.- O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de “UN MILLÓN DOUSCENTOS NOVENTA E UN MIL OITENTA E TRES EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS” (1.291.083,31 €), incluíndo os gastos da execución das obras, así como os gastos asociados á obra en relación ás asistencias técnicas sobre a coordinación de seguridade e saúde e a asistencia técnica á dirección da obra, correspondéndose co seguinte escenario económico:

Expediente	Importe
Expte.4472/440 CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2011 CALVARIO A GARRIDA. TRAMO IGREXA DE BEADE A GARRIDA (PO-330). LUGAR DE PORTO 77.	77.924,00 €
Expte.108/441 CONTRATO DE OBRAS DE HUMANIZACIÓN ESTRADA PROVINCIAL 2001- CALVARIO A GARRIDA. DE BEADE A GARRIDA (POR 330), LUGAR DE PORTO.	2.455.119,39 €
Modificado nº 1. CONTRATO DE OBRAS DE HUMANIZACIÓN ESTRADA PROVINCIAL 2001- CALVARIO A GARRIDA. DE BEADE A GARRIDA (POR 330), LUGAR DE PORTO.	553.796,17 €
Previsión art 242.4.i da LCSP	245.500,00 €
495/441 - CONTRATO MAIOR SERVIZOS ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL PARA O CONTROL E SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO-330). LUGAR DE PORTO, ENTRE REGATO QUINTIAN.	81.638,00 €
COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2001 CALVARIO LA GARRIDA, TRAMO IGREXA DE BEADE A GARRIDA (PO330), LUGAR DE PORTO. (*) Solo executado 2551,58 €.	2.551,58 €
COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2001 CALVARIO LA GARRIDA, TRAMO IGREXA DE BEADE A GARRIDA (PO330), LUGAR DE PORTO.	5.700,62 €

Coordinación seguridade e Saude para a execución do proxecto modificado nº1:	3.025,00 €
IMPORTE TOTAL DA PREVISIÓN DA EXECUCIÓN:	3.425.254,76 €
IMPORTE XA EXECUTADO E CERTIFICADO ATA O 15/10/2022	2.134.171,45 €
CRÉDITOS NECESARIOS PARA A FINALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS:	1.291.083,31 €

3.- .- Neste novo convenio unifícanse os compromisos económicos que neste convenio asumen as partes cos derivados do convenio inicial, pendentes de cumprimento, asinado entre as partes con data do 30/12/2016 e as súas addendas, que fixan como data final de vixencia do convenio inicial o vindeiro 15/10/2022; obrigas nacidas do primeiro convenio, pendentes de cumprimento, que se renovan no presente.

4.- Obrigas económicas para a Deputación Provincial de Pontevedra:

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución dos investimentos previstos neste convenio en relación a execución das actuacións para finalizar o proxecto que busca a transformación e ampliación.“E.P. 2001 Calvario a Garrida. tramo Iglesia de Beade a Garrida (PO-330), e vinculados o proxecto Modificado n^o 1, a contía de CINCOCENTOS NOVENTA E SETE MIL CATROCIENTOS SESENTA EUROS CON CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS (597.460,55 €). O financiamento comprometido pola Deputación Provincial de Pontevedra terá carácter de achega definitiva e fixa para á execución do convenio, polo cal calquera modificación ou incremento de custes sobre esta previsión será afrontada directamente polo Concello de Vigo.

O pagamento do importe referido se realizará contra as seguintes aplicacións:

22/942.9420.762.14 _____	_____ 597.460,55 €
Total:	597.460,55 €

Así mesmo en relación as obrigas derivadas da execución das actuacións contempladas na addenda nº 2 do anterior convenio, a Deputación Provincial comprométese a realizar os pagos correspondentes as actuación xa executadas e pendentes de liquidar por un importe máximo de 1.822.442,95 €, para o cal se dispoñen dos créditos nas aplicacións 22/942.9420.762.14.2016 e 942.9420.762.14.2017.

5.- Obrigas económicas para o Concello de Vigo:

O Concello de Vigo comprométese a achegar, para a execución dos investimentos previstos na cláusula segunda deste convenio en relación a execución das actuacións para finalizar o proxecto que busca a transformación e ampliación.“E.P. 2001 Calvario a Garrida. tramo Iglesia de Beade a Garrida (PO-330), e vinculados o proxecto Modificado n^o 1, a contía de SEISCIENTOS NOVENTA E TRES MIL SEISCIENTOS VINTEDOUS EUROS CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS (693.622,76 €), de acordo co seguinte estado de execución das obrigas inicial do convenio vixente, polo cal se obriga o cumprimento do marco financeiro establecido que indica: “... o Concello de Vigo comprométese en financiar calquera modificación ou alteración que se produza no ámbito de execución deste obra e que leve implícito un maior gasto en relación o financiamento indicado”. Polo cal comprométese a achega de dita cantidade de acordo co seguinte resume de execución:



Concello de Vigo

Créditos pendentes do marco financeiro inicial	102.195,50 €
Novas obrigas derivadas do incremento do novo convenio	591.427,26 €
Total:	693.622,76 €

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo os créditos da aplicación 1532.619.00.09 no vixente orzamento 2022, e de acordo a execución indicada anteriormente. Así mesmo polo tendo en conta o condición da achega da Deputación de Pontevedra, polo cal calquera modificación ou incremento de custes sobre o marco financeiro previsto, será afrontado directamente polo Concello de Vigo.

6.- Non obstante, calquera variación das anualidades da execución previstas, poderá dar lugar ao reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Vigo, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial no expediente que se inicie para o reaxuste das anualidades e da resolución que se dite.

TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1.- A execución das actuacións e dos contratos a que o presente convenio se refire e o seu financiamento polas partes asinantes terá lugar durante os anos da vixencia do convenio de acordo coas obrigas de financiamento indicadas no pacto segundo.

2.- O Concello de Vigo remitirá copia dos proxectos definitivos á Deputación Provincial para o seu coñecemento.

3.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar, o acto de recepción desta, ao que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante ou facultativo desta. A Administración municipal remitirá á provincial copia da acta do acto de recepción e certificación da resolución do órgano competente aprobatoria da recepción da obra executada e da certificación final da mesma.

4.- Formalizado, de selo caso, o contrato, ou contratos, de servizos para a contratación de asistencia técnica á dirección das obras e a Coordinación de seguridade e Saúde, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial así como dos abonos a conta que en execución dos mesmos se poidan producir.

5.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución das obras obxecto do presente convenio e as actuacións realizadas no marco do mesmo cando o teña por convinte, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

CUARTO.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O Concello de Vigo asume a licitación, dirección, execución e recepción das obras contempladas na memoria técnica, e a súa xustificación perante a Deputación de Pontevedra.

O Concello de Vigo poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución das obras, que se aboarán pola contía equivalente á/s xustificación/s presentada/s.

O importe correspondente á/s xustificación/s achegada/s, será reembolsado ao Concello mediante transferencia bancaria, unha vez que conste na Deputación a seguinte documentación:

- Contrato de adxudicación da obra.
- Acta de comprobación do replanteo.
- Orixinal ou copias compulsadas da/s factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados.
- Certificación/s de obra executada. Xunto coa primeira certificación se remitirá unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- Certificacións ou actos de aprobación/conformidade dos gastos polo órgano municipal.
- Nomeamento do Director de obra e coordinador de seguridade e saúde.

Así mesmo coa finalización das obras para a liquidación final das actuacións deberá ser aportada a seguinte documentación:

- Acta de recepción, unha vez rematado o investimento.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a actividade obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

A/s certificación/s de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa, serán verificadas polos servizos técnicos provinciais e fiscalizadas pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

Así mesmo, as actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A comprobación material do investimento que se define no parágrafo anterior é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

QUINTO.- COMPROMISOS DAS PARTES



Concello de Vigo

O Concello de Vigo obrígase a:

- Financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo e terceiro. A tal fin dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento das actuacións previstas neste convenio. Tendo en conta o carácter da achega da Deputación Provincial, calquera modificación ou incremento de custes sobre o marco financeiro deste convenio será afrontada directamente polo Concello de Vigo.
- Remitir á Deputación Provincial os proxectos técnicos vinculados co obxecto do convenio, así como de calquera modificación.
- Licitar, executar, controlar e recibir as obras consonte ao correspondente proxecto técnico.
- Contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.
- Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Dar a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito de que quede constancia de que a obra obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén seralle de aplicación o recollido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu Regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Pola súa banda, a Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo e terceiro. A tal fin disporá dos recursos indicados co carácter de achega finalista para a execución das mesmas, polo cal dita achega ten carácter fixa.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento

do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público e da Resolución Presidencial núm. 2017008767, de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas exceden de 600.000,00€.

SEXTO.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e información relativas ao obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, e nelas figurará de maneira destacada o financiamento da actuación por ambas administracións.

En todo caso as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento de cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

SÉTIMO.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

As partes comprométese ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración do convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

OITAVO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

A achega económica prevista no presente instrumento, que ten carácter de subvención, será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.



Concello de Vigo

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada, para o cal de ser o caso se procederá a minorar proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

NOVENO.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación creárase unha comisión integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- ✓ A puntual recepción de información sobre tódalas actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- ✓ A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- ✓ A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- ✓ A emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato a que este se refire.
- ✓ A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo ou na Deputación de Pontevedra, segundo acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario, que levantará acta das súas reunións.

DÉCIMO.- VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución dos contratos a que o mesmo se refire, fixándose en todo caso un prazo de límite de execución co límite do 31/12/2023, fixándose un prazo de xustificación ata o 30/04/2024.

DÉCIMO PRIMEIRO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirse polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- 2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO SEGUNDO.- RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a través da Comisión de Seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

18(975).- REAXUSTE DE ANUALIDADES DO CONTRATO DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “CONEXIÓN PEONIL ENTRE AS RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO E VÍA NORTE, NO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 1200/441.

Visto o informe de fiscalización do 03/11/2022, dáse conta do informe-proposta do 26/10/2022, asinado polo técnico de Admón. Xeral de Servizos Xerais, o xefe da Área de Inversións e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

I.- Con data 1 de abril de 2022 a Xunta de Goberno Local acordou:



Concello de Vigo

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “CONEXIÓN PEONIL ENTRE AS RÚAS SERAFIN AVENDAÑO E VÍA NORTE NO CONCELLO DE VIGO”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos Miguel Sacristán Montesinos.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 25.03.2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “DOCE MILLÓNS SEISCENTOS SETENTA E SEIS MIL CORENTA E OITO EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS” (12.676.048,79 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 2.199.975,41 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532 6090063 “FRTR-EU ACCESO S.AVENDAÑO V.NORTE”. Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2022	2.770.489,89 €
2023	9.905.558,90 €
TOTAL	12.676.049,79 €

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 357,54%.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

II.- Con data 14.06.2022 A Xunta de Goberno Local acordou

“Adxudicar á UTE FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A. - ORECO BALGON, S.A. (A-28.019.206 e A-36.614.691, respectivamente) o procedemento aberto para a contratación das obras de “Conexión peonil entre as rúas Serafín Avendaño e Vía Norte no Concello de Vigo” (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – Next Generation EU) (1.200-441) coas seguintes condicións:

- a O prezo total do contrato é de 12.561.964,35 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.180.175,63 euros.
- b Propón as seguintes melloras:
 - MELLORA DE CERRAMENTO EN VIDRO (PM1). Cuantificada en 1.024.583,84 euros (PEM)
 - MELLORA EN PAISAXISMO (PM2). Cuantificada en 42.893,33 euros (PEM).
 - SISTEMA DE INSTRUMENTACIÓN E MONITORAXE ESTRUTURAL (PM3). Cuantificada en 34.716,74 euros (PEM)
 - IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DE AVALIACIÓN DE INDICADORES (PM4). Cuantificada en 122.300,00 euros (PEM)

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

O contrato foi formalizado con data 13.07.2022

III.- Durante o transcurso da licitación foi aprobada unha subvención para a cofinanciación da actuación polo Ministerio de Movilidad, Transportes y Agenda Urbana a través do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Fondos Next GeneraciónEU, de acordo coa Orden Ministerial, asinada con data 20/05/2022, por un importe 5.990.000,00 €.

IV.- No ano 2022 existen as seguintes dotacións orzamentarias con cargo a aplicación orzamentaria 1532.609.00.63.

1. Crédito extraordinario aprobado definitivamente polo Pleno en data 04.05.2021 e posteriormente incorporado ao Orzamento do ano 2022 por un importe de 3.000.000 euros.

2.- Orzamento do ano 2022 aprobado definitivamente en Pleno de data 22.12.2021 por un importe de 5.999.000,00 euro. A citada cantidade estaba condicionada (Disposición Final 10ª das Bases de execución) á resolución de concesión dos FRTR do Ministerio de Transportes, Mobilidades e Axenda Urbana (MITMA) correspondentes á solicitude 1, o cal foi efectivo en data 20.05.2022.

3.- Suplemento de crédito aprobado definitivamente polo Pleno municipal en sesión do 30.03.2022 por un importe de 5.000.000 euros.

V.- A vista dos créditos existentes no vixente orzamento nos que o proxecto conta coa totalidade do crédito necesario a día de hoxe na aplicación 1532.609.00.63, do previsto no artigo 96.1 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da LCSP e sen prexuízo de manter o programa de traballo aprobado por Resolución do Concelleiro Delegado da Área de Fomento de data 02.08.2022, , propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Reaxustar as anualidades do contrato das obras para a execución do proxecto de Conexión peonil, entre as Rúas Serafín Avendaño e Vía Norte, no Concello de Vigo no seguinte senso: ano 2022: 12.561.964,35 euros”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

19(976).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "REPARACIÓN DE DANOS NA ESTRUTURA, ADAPTACIÓN CONTRA LUMES E ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO DO PARQUE CENTRAL LAVADORES"EXPTE. 1340/441.

Visto o informe xurídico do 24/10/2022 e o informe de fiscalización do 07/11/2022, dáse conta do informe-proposta do 14/10/2022, asinado pola técnica de Xestión, o técnico de Admón. Xeral de Servizos Xerais, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 7 de novembro de 2019 acordou aprobar o proxecto de "REPARACIÓN DE DANOS NA ESTRUTURA, ADAPTACIÓN CONTRA LUMES E ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO DO PARQUE CENTRAL - LAVADORES", redactado por Dna. IRIA URDAMPILLETA PÉREZ, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS VENTISEIS MIL CENTO DEZASEIS EUROS E SETENTA E OITO CÉNTIMOS (426.116,78 €) e con sinatura dixital de data 16 de outubro de 2019.

II.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 11 de decembro de 2020, acordou aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de "REPARACIÓN DE DANOS NA ESTRUTURA, ADAPTACIÓN CONTRA INCENDIOS E ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO DO PARQUE CENTRAL - LAVADORES", redactado pola arquitecta Dna. Iria Urdampilleta Pérez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS VINTE E SEIS MIL CENTO DEZASEIS EUROS E SETENTA E OITO CÉNTIMOS (426.116,78 €), Expte.639-411.

Dito procedemento foi declarado deserto por acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de xullo de 2021, por canto ningún dos licitadores clasificados por resolución da concelleira delegada de Contratación de 23 de abril de 2021 presentou correctamente a documentación requirida para resultar adxudicatario dentro do prazo concedido para o efecto.

III.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 16 de decembro de 2021, acordou aprobar o expediente de contratación a través de procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria das obras de "REPARACIÓN DE DANOS NA ESTRUTURA, ADAPTACIÓN CONTRA INCENDIOS E ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO DO PARQUE CENTRAL - LAVADORES", redactado pola arquitecta Dna. Iria Urdampilleta Pérez.

Dito procedemento negociado sen publicidade foi declarado deserto por acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de abril de 2022, porque o único licitador presentado non foi admitido pola Mesa de Contratación por ter presentado a proposición sen encriptar (cláusula 13.4i.1 do PCAP)".

IV.- Á vista do exposto, por parte da redactora presentase novo proxecto de "REPARACIÓN DE DANOS NA ESTRUTURA, ADAPTACIÓN CONTRA LUMES E ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO DO PARQUE CENTRAL

LAVADORES”, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS OITENTA E SEIS MIL CATROCENTOS TRECE EUROS CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS (486.413,32 EUROS) e data Maio de 2022. (Expte. 5585/443).

V.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, en data 13.06.2022 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, en data 14.06.2022 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

VI.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 15.06.2022, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 22.06.2022, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 30.06.2022 aprobou o proxecto de “REPARACIÓN DE DANOS NA ESTRUTURA, ADAPTACIÓN CONTRA LUMES E ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO DO PARQUE CENTRAL LAVADORES” redactado pola Arquitecta Dna. Iria Urdampileta Pérez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS OITENTA E SEIS MIL CATROCENTOS TRECE EUROS CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS (486.413,32 EUROS), de data Maio de 2022, e con sinatura dixital de data 10.06.2022. (Expte.5585-443).

VII.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- a) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 30.06.2022 que se corresponde co expediente administrativo 5585/443 e que inclúe o Prego de Prescricións Técnicas redactado pola arquitecta Dna. Iria Urdampileta Pérez.
- b) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinado asinado pola Técnica de Xestión, polo Técnico de Administración Xeral e polo Xefe do Servizo de Vías e Obras en datas 8 e 9 de setembro de 2022.
- c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 09.09.2022.
- d) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Técnico de Administración Xeral e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 21.09.2022.
- e) Certificados de crédito asinados polo Director Superior Contable.
- f) Acta de replanteo dos correspondentes proxectos asinada polo Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas en data 26.09.2022
- g) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 26 e 27 de setembro de 2022.
- h) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral e `pola Xefa do Servizo de Contratación de data 11.10.2022.
- i) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación de data 11.10.2022.



Concello de Vigo

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigos 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 16.06.2022) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de que non existe desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente os devanditos informe da titular da Asesoría Xurídica e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de "REPARACIÓN DE DANOS NA ESTRUTURA, ADAPTACIÓN CONTRA LUMES E ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO DO PARQUE CENTRAL LAVADORES", redactado pola arquitecta Dna. Iria Urdampilleta Pérez.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación de data 11.10.2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CATROCENTOS OITENTA E SEIS MIL CATROCENTOS TRECE EUROS CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS (486.413,32 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 84.418,84 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 9330.632.00.60 (Mellora do edificio P. Central Sta.Cristina), segundo a distribución de anualidades proposta.

2022	483.730,00 €
2023	2.683,32 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente (D.A.3º.2 da LCSP).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(977).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "MELLORA DO ENTORNO DO CALEXÓN BALADO". EXPTE. 1368/441.

Visto o informe xurídico do 03/11/2022 e o informe de fiscalización do 08/11/2022, dáse conta do informe-proposta do 13/10/2022, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento en data 22.04.2021 resolveu autorizar o gasto para redacción do proxecto de "MELLORA DO ENTORNO DO CALEXÓN BALADO", a favor da empresa Ordenación Territorial, Infraestruturas e Medio Ambiente S.L.



Concello de Vigo

II.- A mercantil Ordenación Territorial, Infraestruturas e Medio Ambiente S.L presentou borrador de proxecto construtivo de “MELLORA DO ENTORNO DO CALEXÓN BALADO”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Ignacio Teijeiro Calvo e polo Arquitecto D. Diego Rivas Pérez, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS SEIS MIL DOUSCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON CORENTA E UN CÉNTIMOS (306.292,41 €), de data decembro de 2021.

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 09.05.2022, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 11 de agosto de 2022, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 01.09.2022 aprobou o proxecto de “MELLORA DO ENTORNO DO CALEXÓN BALADO” redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Ignacio Teijeiro Calvo e o polo Arquitecto D. Diego Rivas Pérez, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS SEIS MIL DOUSCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON CORENTA E UN CÉNTIMOS (306.292,41 €), de data de decembro de 2021 e asinado dixitalmente en data 05.05.2022. (Expte. 5360-443).

IV.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 01.09.2022 que se corresponde co expediente administrativo 5.560-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Ignacio Teijeiro Calvo e o polo Arquitecto D. Diego Rivas Pérez, asinado dixitalmente en data 05.05.2022.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Vefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Técnico de Administración Xeral de datas 14, 15 e 19 de setembro de 2022.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data data 19 de setembro de 2022.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Técnico de Administración Xeral e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de datas 22 e 23 de setembro de 2022.
- E) Certificados de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 26 de setembro de 2022.

- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 4 de outubro de 2022.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 4 e 5 de outubro de 2022.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 10 de outubro de 2022.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 10 de outubro de 2022.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.-No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 09.05.2022) e o cumprimento da normativa sectorial.



Concello de Vigo

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "**MELLORA DO ENTORNO DO CALEXÓN BALADO**", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Ignacio Teijeiro Calvo e polo Arquitecto D. Diego Rivas Pérez.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación con data 10 de outubro de 2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **TRESCENTOS SEIS MIL DOUSCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON CORENTA E UN CÉNTIMOS (306.292,41 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 53.158,19 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 6190035 (HUMANIZACION CALEXÓN BALADO), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2022	196.430,50 €
2023	109.861,91 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(978).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN A TRAVÉS DE PROCEDIMIENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA DAS OBRAS DO PROXECTO DE “CUBRICIÓN DO TRANVÍA DA PRAZA DO EMIGRANTE”. EXPTE. 1371/441.

Visto o informe xurídico do 24/10/2022 e o informe de fiscalización do 07/11/2022, dáse conta do informe-proposta do 14/10/2022, asinado pola técnica de Xestión, o técnico de Admón. Xeral de Servizos Xerais, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 5 de novembro de 2020 acordou aprobar o proxecto de “PROTECCIÓN, ILUMINACIÓN ORNAMENTAL E CUBRICIÓN DO TRANVÍA, DA PRAZA DO EMIGRANTE” redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Javier De La Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO VINTE MIL SETECENTOS SESENTA EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (120.760,46 €) e con sinatura dixital de data 23.03.2020. (Expte.4595-443).

II.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 4 de xuño de 2021, acordou aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “PROTECCIÓN, ILUMINACIÓN ORNAMENTAL E CUBRICIÓN DO TRANVÍA, DA PRAZA DO EMIGRANTE”, redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Javier De La Puente Crespo. (Expte. 873-441).

Dito procedemento foi declarado deserto por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2021, por non terse presentado ningunha proposición.

III.- Á vista do exposto, por parte do redactor presentase novo proxecto de “CUBRICIÓN DO TRANVÍA DA PRAZA DO EMIGRANTE” redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Javier De La Puente Crespo, cun



Concello de Vigo

orçamento base de licitación máis IVE de CENTO OITENTA E OITO MIL OITOCENTOS TRINTA E CATRO EUROS con OITENTA E UN CÉNTIMOS (188.834,81 €).

IV.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 19.05.2022, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de datas 25 e 26 de maio de 2022, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 02.06.2022 aprobou o proxecto de "CUBRICIÓN DO TRANVÍA DA PRAZA DO EMIGRANTE" redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Javier De La Puente Crespo, cun orçamento base de licitación máis IVE de CENTO OITENTA E OITO MIL OITOCENTOS TRINTA E CATRO EUROS con OITENTA E UN CÉNTIMOS (188.834,81 €) e con sinatura dixital de data 12.05.2022. (Expte. 5562/443).

V.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 02.06.2022 e que se corresponde co expediente administrativo 5562-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Javier De La Puente Crespo, de sinatura dixital de data 12.05.2022.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Técnico de Administración Xeral de datas 16 e 19 de setembro de 2022.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 19 de setembro de 2022.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Técnico de Administración Xeral e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 21 de setembro de 2022.
- E) Certificados de crédito asinados pola Dirección Superior Contable municipal.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 28 de setembro de 2022.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en dataa 29 e 30 de setembro de 2022.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 7 de outubro de 2022.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 7 de outubro de 2022..

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 19.05.2022) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Séxto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),



Concello de Vigo

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “**CUBRICIÓN DO TRANVÍA DA PRAZA DO EMIGRANTE**” redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Javier De La Puente Crespo

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 07.10.2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CENTO OITENTA E OITO MIL OITOCENTOS TRINTA E CATRO EUROS con OITENTA E UN CÉNTIMOS (188.834,81 €) , sendo o importe correspondente ao IVE de 32.772,98 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532 6090058 “Cubrición e protección Tranvía”, segundo a distribución de anualidades proposta:

2022	177.770,00 €
2023	11.064,81 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(979).- ENCOMENDA DA REDACCIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE “MELLORAS NA ETAP DE VALLADARES”. EXPTE. 1478/441.

Dáse conta do informe-proposta de data 14/11/2022, asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro.

No devandito plan figura un apartado denominado “outros investimentos”, que deben ser concretados nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

III.- No punto III, relativo aos “Actos administrativos a través dos que se exercitará o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia” do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

IV.- Con data 9 de novembro de 2022 o Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipal e o Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente nas obras de “MELLORAS NA ETAP DE VALLADARES” . O devandito informe indica o seguinte:

“A ETAP de Valladares entrou en funcionamento no ano 1946, e no ano 1957 foi obxecto dunha importante ampliación. Recibe a auga do encoro de Zamáns, e ten un caudal de tratamento en torno a 200 litros /segundo, destinado a abastecer á parte Sur do municipio.

A ETAP consta de cámara de recepción e mistura; floculador estático; decantador pulsátor, filtros de area; canal de saída de filtros; arquetón de saída e sistema de dosificación de reactivos.

O tempo transcorrido dende a súa execución e ampliación fai necesario modernizar a ETAP de Valladares de cara a súa adaptación ao novo marco normativo, e a incorporación das mellores técnicas dispoñibles de modo que se permita optimizar o aproveitamento da auga bruta (criterio este esencial á vista da previsión de menores recursos dispoñibles coma consecuencia do cambio climático).



Concello de Vigo

Así, considérase necesario executar melloras na instalación de reactivos; melloras no floculador; instalación dun sistema de recuperación de auga de lavado de filtros e tratamento de fangos; renovación de equipamento obsoleto (soplantes, conducións...); instalación dun sistema de telecontrol da operación da planta, así como melloras de cara a garantir o cumprimento da normativa de prevención de riscos de seguridade.

Tendo en conta a situación e as circunstancias expostas, considérase que a actuación de “MELLORAS NA ETAP DE VALLADARES” é unha actuación necesaria que non debe demorarse.”

V.- A vista deste informe, con data 11 de novembro de 2022 o Concelleiro Delegado da Área de Fomento resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente proxecto técnico de obras de ““MELLORAS NA ETAP DE VALLADARES”

VI.- O proxecto a redactar debera adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do proxecto técnico das obras de “MELLORAS NA ETAP DE VALLADARES”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(980).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA INTEGRAL, NOVO ARBORADO E MOBILIARIO NO PARQUE DE NAVIA (NELSON MANDELA), FASE I”. EXPTE. 5768/443.

Visto o informe de fiscalización do 10/11/2022, dáse conta do informe-proposta de data 09/11/2022, asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 14.08.2019, resolveu autorizar o gasto para a “redacción do proxecto para a mellora e reordenación de espazos do Parque Nelson Mandela no Concello de Vigo” a favor de Galaicontrol S.L.

II.- A empresa Galaicontrol SL. trala fase de supervisión do borrador, presenta proxecto de “MELLORA INTEGRAL, NOVO ARBORADO E MOBILIARIO NO PARQUE DE NAVIA (NELSON MANDELA), FASE I” redactado pola redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. M^a Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CINCOCENTOS MIL EUROS (1.500.000,00€), de data outubro de 2022 e asinado dixitalmente en data 9 de novembro de 2022.

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos/Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas, con data 26.10.2022, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, en data 27.10.2022 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación desenrolase no parque Nelson Mandela na parroquia de Navia e consisten as obras a executar as que se enumeran a seguir:

. Actuación global no parque Nelson Mandela para conseguir unha recuperación e mellora do espazo urbano, adaptando o parque a uns criterios de integración no entorno urbano no que encontrase; Para elo, modifícase a configuración do espazo estancial do entorno conseguindo un mellor aproveitamento dos espazos. Tamén propónse unha mellora integral, incluíndo reposición de servizos como mobiliario urbano e xardinería nesta primeira fase.

. Máxima integración no entorno dende un punto de vista paisaxístico e de mellora de conexións tanto entre os espazos interiores do propio parque como a conexión coas zonas edificadas da rúa Teixugueiras, para elo deseñase a apertura de novos itinerarios que melloran a permeabilidade transversal do parque.

. Implementación de xardinería e arborado, para mellorar o desenvolvemento ambiental xerando puntos de encontro cunha envolvente de elementos naturais.

. A nova ordenación incluírá a zonificación do parque, con novos usos aplicados a cada zona (zona de auditorio ao aire libre, xogos de Teqball, zona canina, labirinto vexetal, zonas de relax e lectura, zonas de esculturas,...), e cunha sinalización que indique os itinerarios ás diferentes zonas.

Nesta primeira fase, as accións que levaranse a cabo no ámbito son basicamente as seguintes:



Concello de Vigo

- Apertura de novos itinerarios que permitan unha conexión máis directa entre as sendas existentes no parque.
- Plantación de arborado, e creación de zonas verdes para integrar paisaxísticamente o parque.
- Reparación de pavimentos danados.
- Adaptación do rego ás novas zonas verdes.
- Implantación de mobiliario urbano.

Comezarase os traballos coa demolición e retirada de muros existentes, para poder continuar posteriormente co movemento de terras e a retirada de pavimentos ou vexetación, onde sexa necesario, para a apertura de novos itinerarios dentro do parque.

Procedérase ao saneo do terreo mediante o caxeado necesario para executar posteriormente a capa de apoio do pavimento dos novos itinerarios.

A rede de rego renovarase na súa totalidade. Executarase a renovación mediante a instalación de novas tubaxes de polietileno con diámetros de 40mm e 50mm.

Deséñanse novos itinerarios que permitan mellorar a conexión transversal do parque, para elo proponse executar tramos de escaleiras integrados na topografía, acompañados de rocalla e vexetación que axuden a conter os movementos de terras realizados.

Contemplantase a vexetación arbustiva existente e se adirán novas árbores de gran porte, que xeren zonas protexidas do sol nas que poder pasear, descansar ou realizar actividades.

Contemplantase o deseño do novo uso de merendeiros e paseo central implantando mobiliario cun deseño moderno acorde co ámbito. O material empregado será formigón con formulación UHPC (Ultra High Performance Concrete) con tratamento antigrafiti.

O prazo de execución previsto para as obras é de CINCO (5) MESES.

V.- A Enxeñeira Técnica de Obras Pública da Oficina de Supervisión de Proxectos emite en data 09.11.2022 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“No planeamento vixente, Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29.04.1993, coas súas modificacións puntuais, así coma o Instrumento de Ordenación Provisional (IOP) e a Revisión de Plan Xeral de Ordenación Municipal con aprobación inicial, que

conforman o planeamento vixente na actualidade no Concello de Vigo; O ámbito obxecto de actuación encóntrase clasificado como:

PAU de Navia, Espacio Libre para uso de Parque, e na Revisión do Plan Xeral xa se contempla como un Sistema Xeral (SL-EL-171-EX).

Non se detectaron no ámbito afeccións a: zonas de protección do Patrimonio cultural, nin proximidade a leitos fluviais nin ao Dominio Público marítimo Terrestre.

Con respecto á afección de Espazos Naturais, o ámbito non se encontra dentro de: Rede Natura 2000, nin R.Galega Espazos Protexidos, nin en Outros Espazos protexidos, nin Reservas da Biosfera.

Polo tanto, analizada a documentación anterior, conclúese que o presente proxecto:

- 1) Cumpre coas determinacións do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo.
- 2) Adaptase tanto ás disposicións do planeamento vixente como ao contorno do ámbito.
- 3) Non será necesario tramitar autorizacións cos organismos de Patrimonio, Augas de Galicia, Costas o Medio Ambiente.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" (en adiante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.



Concello de Vigo

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de **“MELLORA INTEGRAL, NOVO ARBORADO E MOBILIARIO NO PARQUE DE NAVIA (NELSON MANDELA), FASE I”** redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. Mª Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CINCOCENTOS MIL EUROS (1.500.000,00€), de data outubro de 2022 e asinado dixitalmente en data 9 de novembro de 2022.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(981).- REVISIÓN DAS TARIFAS DE TAXI DA CIDADE DE VIGO PARA O ANO 2023. EXPTE. 3814/449.

Visto o informe de fiscalización do 07/11/2022, dáse conta do informe-proposta de data 02/11/2022, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

I) TARIFAS VIXENTES

As tarifas vixentes no servizo de taxi da cidade de Vigo, por resolución do Director Xeral de Comercio e Consumo da Xunta de Galicia, de data 7 de febreiro de 2022 son as seguintes:

TARIFA 1(días laborables de 6,00 a 22.00 horas)

Concepto	Euros (IVE incluído)
Tarifa mínima (1.700 metros e/ou 293,76 segundos)	3,80
Qm. percorrido	1,02
Hora de espera	21,25
Suplemento aeroporto	4,72
Suplemento Ifevi	3,30
Maletas y vultos análogos(con excepción das cadeiras de rodas e da primeira maleta de cada unha das persoas usuarias)	0,60

TARIFA 2 domingos e festivos, 24 e 31 de decembro, sábados dende as 06.00 horas e servizo nocturno de 22,00 ás 6,00 horas)

Concepto	Euros
Tarifa mínima (1100 metros e/ou 195,18 segundos)	4,00
Qm. percorrido	1,14
Hora de espera	23,15
Suplemento aeroporto	4,72
Suplemento Ifevi	3,30
Maletas y vultos análogos(con excepción das cadeiras de rodas e da primeira maleta de cada unha das persoas usuarias)	0,60

Suplemento 25 de decembro e 1 de xaneiro (dende as 00.00 ata as 10.00): 2.35€
Suplemento por persoa a partir da sexta praza : 0,55 €

II) PROPOSTA CONTIDA NA SOLICITUDE PRESENTADA

En data 4 de agosto de 2022, D. Emilio Mosquera Rodriguez, como Presidente da Sociedade Cooperativa Galega de Auto-taxi e Gran turismo de Vigo e provincia de Pontevedra e da Asociación Provincial de Autopatrones do Taxi de Pontevedra,



Concello de Vigo

presenta solicitude de revisión de tarifas (IVE incluído) para o ano 2023 co seguinte contido :

TARIFA 1(días laborables de 6,00 a 22.00 horas)

Concepto	Euros (IVE incluído)
Tarifa mínima (1.700 metros e/ou 293,76 segundos)	4,03
Qm. percorrido	1,09
Hora de espera	22,53
Suplemento aeroporto	5,00
Suplemento lfevi	3,50
Maletas y vultos análogos(con excepción das cadeiras de rodas e da primeira maleta de cada unha das persoas usuarias)	0,64

TARIFA 2 domingos e festivos, 24 e 31 de decembro, sábados dende as 06.00 horas e servizo nocturno de 22,00 ás 6,00 horas)

Concepto	Euros(IVE incluído)
Tarifa mínima (1100 metros e/ou 195,18 segundos)	4,25
Qm. percorrido	1,21
Hora de espera	24,54
Suplemento aeroporto	5,00
Suplemento lfevi	3,50
Maletas y vultos análogos(con excepción das cadeiras de rodas e da primeira maleta de cada unha das persoas usuarias)	0,64

Suplemento 25 de decembro e 1 de xaneiro (dende as 00.00 ata as 10.00) : 2,50€

Suplemento por persoa a partir da sexta praza : 0,58 €

A solicitude formulada segundo describen supón unha subida da tarifa dun 6.00 %; e a fin de axustar os importes da contía mínima na tarifa 1 e evitar céntimos soltos, propoñen un importe exacto solicitando que a contía sexa de 4,05 en vez de 4,03

Consideran que a subida dos carburantes e combustibles foi do 54,06% na gasolina e un 64,81% para o gasóleo no período comprendido entre xuño 2021 e xuño 2022; e o incremento na partida de gastos significa un 12,63% % .

Citan outros factores que xustifican o incremento solicitado, as graves consecuencias da pandemia no sector do taxi durante os anos 2020 e 2021, o

déficit tarifario en relación con outras cidades galegas, o exceso no número de licenzas, as condicións orográficas e demográficas da cidade, entre outros . Manifestan que as tarifas actualmente aplicables na cidade de Vigo, lonxe de permitir un marxe de beneficio empresarial ao que terían dereito, non chegan a significar una contención de perdas, polo que solicitan a súa revalorización.

III) INFORME SERVIZO

Na Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi na cidade de Vigo aprobada por acordo plenario de data 9 de febreiro de 2015 e modificada por acordos plenarios de datas 5 de setembro de 2018 e 30 de marzo de 2022, no Título VII “ Réxime Económico” artigo 42 se establece que:

“ a prestación do servizo de taxi estará suxeita a un réxime de tarifas obrigatorias que haberán de garantir a cobertura do custo real do servizo en condicións normais de produtividade e organización e permitiran unha adecuada amortización e un razoable beneficio industrial “

“ as tarifas poderán ser revisadas periodicamente o de maneira excepcional cando se producise unha variación dos custos que altere significativamente o equilibrio económico da actividade “

“ e engade, en tanto non se fixe pola Xunta de Galicia unha estrutura harmonizada das tarifas, a oportunidade e necesidade revisión de proceder a revisión tarifaria do servizo de taxi , debe ser xustificada polas Asociacións solicitantes , mediante a presentación dun estudio económico do sector que xustifique o incremento proposto, incremento que que una vez xustificado non poderá superara o IPC do transporte da comunidade autónoma galega”

No artigo 40 nº 1, 2 e 3 da Lei de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, se establece que:

“ a prestación do servizo de taxi estará suxeita a un réxime de tarifas obrigatorias que haberán de garantir a cobertura do custo real do servizo en condicións normais de produtividade e organización e permitiran unha adecuada amortización e un razoable beneficio industrial “

“ a Consellería competente en materia de transporte en vehículos de turismo, oído o Concello Galego de Transportes, poderá establecer unha estrutura harmonizada das tarifas de taxi aplicable no conxunto da comunidade autónoma, determinando os conceptos desta estrutura, cuxa cuantificación corresponderá efectuar aos concellos para os seus respectivos ámbitos competenciais.



Concello de Vigo

“ as tarifas poderán ser revisadas periodicamente o de maneira excepcional cando se producise unha variación dos custos que altere significativamente o equilibrio económico da actividade “

E no numero 4 do citado artigo se establece que:

“as tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi serán fixadas polos concellos”

De conformidade co disposto no artigo 46 nº 1 do vixente Regulamento da Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia publicado no Diario Oficial de Galicia de data 1 de outubro de 2018:

“ De acordo co establecido no artigo 40.3 da Ley 4/2013 de 30 de maio , as tarifas poderán ser revisadas por períodos que serán anuais con carácter xeral. En este sentido, as tarifas aprobadas e/o as súas revisións entrarán en vigor e serán exixibles as persoas usuarias a partir do primeiro día de xaneiro do ano posterior a súa aprobación”

E no artigo 46 nº 2 do vixente Regulamento da Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia publicado no Diario Oficial de Galicia de data 1 de outubro de 2018:

“ tamén se poderán revisar as tarifas excepcionalmente cando se produza unha variación nos custes que altere significativamente o equilibrio económico da actividade. Estas revisións excepcionais no estarán suxeitas a limitacións temporais para entrar en vigor.”

Como queira que a Xunta de Galicia aínda non establezo unha estrutura harmonizada das tarifas de taxi aplicable no conxunto da comunidade autónoma galega, para a revisión de tarifas esterase ao disposto no artigo 42 da vixente ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo.

PROPOSTA FORMULADA

Na proposta formulada pola Sociedad Cooperativa Gallega de Auto-taxis y Gran turismo de Vigo y provincia de Pontevedra e da Asociación Provincial de Autopatronos del Taxi de Pontevedra, xustifican o incremento solicitado mediante a presentación dun estudio económico do sector facendo unha comparativa do incremento dos custes do servizo entre os anos 2021 e 2022 , e propoñen aplicar para a revisión das tarifas vixentes, un 6 %, porcentaxe que segundo describen, e moi inferior ao incremento dos gastos, pero consideran que non poden repercutir a totalidade do incremento que procedería, aos usuarios do taxi.

Polo exposto, procedese a analizar os custes de actividade presentados e o impacto que o incremento do combustible supón no incremento de custes de actividade.

ESTUDO DE CUSTES ANO 2022 E COMPARATIVA CÓS CUSTES DO ANO 2021

1 CUSTES DE PERSOAL **SALARIO MENSUAL**

ANO 2022: 1166,66 € por 12 mensualidades = 13.999,92 €

ANO 2021: 1125,83 € por 12 mensualidades = 13.509,96 €

RÉXIME DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS

ANO 2022: Réxime Especial de Traballadores Autónomos Ano 2022 = 3.528,00 €

ANO 2021: Réxime Especial de Traballadores Autónomos Ano 2021 = 3.527,28 €

TOTAL CUSTES DE PERSOAL ANO 2022 : 17.527,92 €

TOTAL CUSTES DE PERSOAL ANO 2021 : 17.037,24 €

2 CUSTES DE EXPLOTACIÓN

	Ano 2022/Ano 2021
Imposto Municipal de Vehículos.....	140,30 € / 140,30 €
ITV Vehículo e taxímetro.....	65,25 € / 65,02 €
Seguro Vehículo, custe medio	1325,00 € / 1175,00 €
Varios (asesoría -xestión...)	450,00 € / 415,00 €
Outros Gastos (asociación, compras).....	250,00 € / 250,00 €
Impostos	600,00 € / 575,00 €
Emisora Radiotaxi	720,00 € / 720,00 €

TOTAL CUSTES DE EXPLOTACIÓN ANO 2022: 3.550,55 €

TOTAL CUSTES DE EXPLOTACIÓN ANO 2021: 3.340,32 €



Concello de Vigo

3 CUSTES DO VEHÍCULO

CARBURANTES: a un prezo medio de 1,43 €/litro de gasóleo en 2021 y de 2,07 €/litro en 2022 y un consumo del 8%, resulta:

$$1,43 \times (8/100) \times 35.000 \text{ kms} = 4.004,00 \text{ €}$$

$$2,07 \times (8/100) \times 35000 \text{ kms} = 5.809,86 \text{ €}$$

ACEITE: considerando un consumo de 1 litro cada 2500 quilómetros y a 8,50 €/litro en el año 2021 y a 13,50 € en el año 2022, resulta:

$$35000 / 2500 \times 1 \times 8,50 = 119,00 \text{ €}$$

$$35000 / 2500 \times 1 \times 13,50 = 189,00 \text{ €}$$

PNEUMÁTICOS: 1 cambio de 4 rodas ao ano a un prezo estimado de 100 € para o ano 2021 y de 125€ para o ano 2022 resulta:

$$100 \times 4 = 400 \text{ €}$$

$$125 \times 4 = 500 \text{ €}$$

AMORTIZACIÓN E INTERESES: considerando un prezo medio para un vehículo utilizado no sector cun importe de 20.000,00 € para o ano 2022 y de 18.000,00€ para o ano 2021 y una vida media de 6 años y un 5% de intereses, tanto para 2022 como para 2021, resulta:

$$18.000,00 / 6 = 3000,00 + 900,00 = 3900,00 \text{ €}$$

$$20.000,00 / 6 = 3333,33 + 1000,00 = 4333,33 \text{ €}$$

REPARACIÓN E MANTEMENTO : Tendo en consideración un 15 % sobre o valor de compra do vehículo, tanto para 2022 como para 2021, resulta:

$$18.000,00 \times 15\% = 2.700,00 \text{ €}$$

$$20.000,00 \times 15\% = 3.000,00 \text{ €}$$

LAVADO: Un lavado integral cada 7 días a 10 € cada lavado en el año 2021 y a 18€ en el año 2022, resulta:

$$365/7 \times 10 \text{ €} = 521,43 \text{ €}$$

$$365/7 \times 18 \text{ €} = 938,57 \text{ €}$$

TAXÍMETRO, MÓDULO INDICATIVO DE TARIFAS, IMPRESORA E SISTEMA XESTIÓN DE FLOTAS cos seguintes prezos en 2022 y 2021:

Año 2021:

Taxímetro:	375,00 €
Indicador Luminoso:	357,00 €
Impresora:	338,80 €
Tablet / Smartphone:	200,00 €
Bluetooth:	100,00 €
Mano de Obra Instalación:	300,00 €

Calculado sobre una vida útil de 6 anos= $1670,80 / 6 = 278,47€$

Año 2022:

Taxímetro:	375,00 €
Indicador Luminoso:	357,00 €
Impresora:	338,80 €
Tablet / Smartphone:	200,00 €
Bluetooth:	125,00 €
Mano de Obra Instalación:	300,00 €

Calculado sobre una vida útil de 6 anos= $1695,80 / 6 = 282,63€$

TOTAL CUSTES DO VEHÍCULO en 2022 = 15.503 ,39€

TOTAL CUSTES DO VEHÍCULO en 2021 = 11.922.90€

4 CUSTES TOTAIS :

ANO 2022:

Custes de Persoal:17.527,92 €
Custes de Explotación:3.550,55 €
Custes do Vehículo:15.303,39€ €
TOTAL DE CUSTES :36.381,86 €

Marxe de beneficio empresarial 8%: 2.910,55 €

TOTAL AÑO 2022: 39.292,41 €

ANO 2021:

Custes de Persoal:17.037,24 €
Custes de Explotación:3.340,32 €
Custes do Vehículo: 11.922,90€
TOTAL DE CUSTES : 32.300,46 €

Marxe de beneficio empresarial 8%: 2.584,04€

TOTAL AÑO 2021: 34.884,50 €

Diferencia entre ambos exercicios económicos : 12,62 %

INGRESOS ESTIMADOS COA TARIFA PROPOSTA

1. Quilómetros recorridos ao ano : 35.000 Qms. De este total estableceremos una proporcionalidade sobre as horas de aplicación de cada unha das tarifas existentes, do que resulta:

Qms recorridos en Tarifa 1 (75%) = 26.250 kms.

Qms recorridos en Tarifa 2 (25%)= 8.750 kms.

2. Quilómetros recorridos en vacío: Se establece como media un 40%.

$35000 \text{ Qms} \times 40\% = 14.000 \text{ Qm/año}$ recorridos en vacío.

3. Quilómetros recorridos en servicio:

$35.000 - 14.000 = 21.000 \text{ Qm/año}$.



Concello de Vigo

4. Horas totais traballadas: Vamos a calcular un cómputo horario de 2610,00 horas/ano, para o titular do taxi.
5. Servizos día: consideramos a proporcionalidade das horas nas cales se veñen aplicando as distintas tarifas respecto a os servizos que se realizan durante o día, resultando,
 - Servizos realizados en un día = 12 servizos
 - Servizos en tarifa diúrna(75%) = 9 servizos
 - Servizos en tarifa nocturna(25%)= 3 servizos.
6. Xornadas traballadas durante o ano:..... 290 días / ano.
7. Servizos por ano: 290 días x 12 servizos/día= 3.480 servizos.
8. Duración media do servizo: 15 minutos.
9. Tempo de espera en servizo:15 %.
10. Tempo en servizo: 3480 x 15 : 60= 870 horas.
11. Tempo de paradas, esperas e retornos vacío= 2610 - 870= 1740,00 horas
12. Tempo parado en servizo (ocupado)= 15% de 870= 130,50 horas.

INGRESOS ESTIMADOS COA TARIFA PROPOSTA E SEGUNDO OS DATOS ESTADÍSTICOS APORTADOS

Ingresos por Percepción Mínima:

$$290 \text{ días} \times 9 \text{ servizos/día} \times 4,03 \text{ €} = 10.518,30 \text{ €}$$

$$290 \text{ días} \times 3 \text{ servizos/día} \times 4,25 \text{ €} = 3.697,50 \text{ €}$$

Ingresos por quilómetro:

$$29.606 \times 0,60 \times 0,75 \times 1,09 \text{ €} = 14.521,74 \text{ €}$$

$$29.606 \times 0,60 \times 0,25 \times 1,21 \text{ €} = 5.373,49 \text{ €}$$

Ingresos por hora de espera:

$$130,50 \times 0,75 \times 22,53 \text{ €} = 2.205,12 \text{ €}$$

$$130,50 \times 0,25 \times 24,54 \text{ €} = 800,62 \text{ €}$$

INGRESOS OBTIDOS COA TARIFA SOLICITADA 37.116,77 €

CONSIDERACIÓNS SOBRE A SOLICITUDE

A vista do anterior formulanse as seguintes precisións :

En relación coa comprobación do custe do réxime de autónomos, axústase en termos xerais á porcentaxe do 30%, que e o aplicable ás bases mínimas.

Os custes de explotación, considéranse normais, englobando os conceptos de seguros, impostos, emisora. etc.

O marxe do beneficio empresarial no pode computarse con un 8% senón que debe considerarse o beneficio xeral empresarial xeral que e dun 6 % polo que os custes do ano 2022 € e os do ano 2021 deben axustarse.

En relación aos custes do vehículo, pola súa significación económica no peso total de custes de actividade, é conveniente facer a seguinte análise:

No apartado pneumáticos erroneamente se inclúe para o ano 2022 , renovación de 6 pneumáticos cando debería dicir 4 , polo que o custe seria de 500 €.

De conformidade cos índices oficiais publicados polo Ministerio para la transición electrónica y el reto demográfico, sobre a evolución dos prezos do gasóleo, comprobouse que a variación dos prezo do “gasóleo automoción” do período xuño 2021 (123,55 cts€/L) - xuño 2022 (203,62 cts€/L -20 cts descontados pola subvención do Goberno = 183,62) e dun 48,61 %.: e da gasolina do período de xuño 2021 (137,20 cts€/l) xuño 2021 (211,37 cts €/l 20 cts descontados pola subvención do Goberno = 191,37) e dun 39,48 %

Considerando o anterior o impacto do combustible, partindo dunha media de 35.000 quilómetros/ano recorridos con un consumo medio de 8/100 e aplicándolle un incremento dun 48,61% suporía un incremento de 1.361,08 €/ano.

A teor do anterior, a análise de repercusión da variación do gasóleo no custe da actividade é o seguinte:

$$35.000 \text{ k/ano} * 8/100_{(\text{consumo})} * 0.4861\% \text{ variación gasóleo} = 1.361,08 \text{ euros/año}$$

Variación custe gasóleo ano/custe de activade (1.361,08) = 3,46 %.

E da gasolina seria :

$$35.000 \text{ k/ano} * 8/100_{(\text{consumo})} * 0,3948\% \text{ variación gasóleo} = 1.105,44 \text{ euros/año}$$

Variación custe gasóleo ano/custe de activade (1.105,44:) = 2,81 %.

Polo exposto debe corrixirse o prezo dos CARBURANTES: considerando un prezo medio gasóleo-gasolina de 1,3037 €/litro en xuño de 2021 y de 1,8749 €/litro en xuño de 2022 e un consumo do 8%, resulta:

$$1,3037x (8/100) x 35.000 \text{ kms} = 3.650,36 \text{ €}$$

$$1,8749x (8/100) x 35000 \text{ kms} = 5.249,72 \text{ €}$$

En canto ao custe de amortización e xuros pola adquisición do vehículo, na solicitude establecen as seguintes bases:

Adquisición de vehículo	20.000 euros.
Tipo de xuro aplicable	5%



Concello de Vigo

Vida útil do vehículo 6 anos
Valor residual 0,00 euros
Anualidade prevista na solicitude: 4.333,33 euros.

Polo anterior axustanse os custes do ano 2021 e 2022 :

ANO 2021:

Custes de Persoal: 17.037,24 €
Custes de Explotación: 3.340,32 €
Custes do Vehículo: 11.569,26€
TOTAL DE CUSTES : 31.946,82€
Marxe de beneficio empresarial 6%: 1916,81€
TOTAL AÑO 2021: 33.863,63 €

ANO 2022:

Custes de Persoal:17.527,92 €
Custes de Explotación:3.550,55 €
Custes do Vehículo:14.493,25€
TOTAL DE CUSTES :35.571,72 €
Marxe de beneficio empresarial 8%: 2.134,30 €
TOTAL AÑO 2022: 37.706,02 €

Coas modificacións propostas , conclúise que os custos totais son 37.706,02 € polo que o incremento dos custes entre xuño do ano 2021 e xuño do ano 2022 e de 11,34 % e si se considerasen os incrementos dos custes entre agosto do ano 2021 e agosto do ano 2022 , últimos publicados, o incremento dos custes e dun 9,03 %

Asi mesmo comprobouse que o IPC de transporte da Comunidade Autónoma Galega e dun 19,5% no mes de xuño e dun 11,4 % do mes de agosto ultimo índice publicado.

A solicitude presentada consistente nun incremento nas tarifas vixentes dun 6% e moi inferior ao porcentaxe de incremento de custes do Servizo no período Xuño 2021-2022 (11,34%) , asi como do IPC do servizo de transportes da Comunidade Autónoma Galega (19,5 % no mes de xuño e 11,4 % no mes de agosto) índices aplicables na revisión tarifara de conformidade polo co disposto no artigo 42 da vixente ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi na cidade de Vigo, polo que considerase que pode informarse favorablemente a proposta formulada.

IV) TRAMITE DE AUDIENCIA

Concedido o preceptivo trámite de audiencia ás asociacións profesionais de empresarios e traballadores do sector e ás dos consumidores e usuarios, durante o prazo concedido ao efecto, foi presentada unha alegación pola Asociación Provincial de Autopatronos del taxi de la Provincia de Pontevedra co seguinte contido :

“que o importe da tarifa mínima de tarifa 1 se redondee a baixa pasando de 4,03 € a 4,00 a fin de non sobrecargar ao usuario”

Alegación que considerase que debe ser aceptada.

V) INFORME DA INSPECCIÓN TÉCNICA DE VEHÍCULOS

Solicitado informe a ITV sobre o viabilidade de programación do taxímetro coas modificacións propostas, informan que o tempo correspondente a tarifa 1 sería 296,09 segundos e o tempo correspondente a tarifa 2 sería 195,26 segundos, mantendo tódolos demais parámetros constantes, para que o taxímetro poida ser programado de conformidade co disposto no artigo 3.1.3.do Real Decreto 159/82; Na data 29 de outubro de 2022 a Asociación Provincial de autopatronos del taxi de la provincia de Pontevedra manifestan que recibiron en febreiro pasado a seguinte indicación do servizo de Metroloxía da Xunta “ cando se propoñan tarifas que no se inclúan os segundos iniciais, que se poña simplemente “ os que correspondan “ que poñer mais datos que os os metros iniciais pode levar a un error na confección da tarifa .

A vista do citado escrito, e efectuada consulta na ITV, informan que a os metros lle corresponden uns determinados segundos polo que non e preciso facer figurar os segundos.

VI) NORMATIVA DE APLICACIÓN

-A Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia publicada no D.O.G.A de 14 de xuño de 2013.

-A Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi na cidade de Vigo aprobada por acordo plenario de data 9 de febreiro de 2015 publicada no BOPP de data 11 de marzo de 2015, e modificada por acordos plenarios de datas 5 de setembro de 2018 e 30 de marzo de 2022 publicados no BOPP de data 24 de setembro de 2018 e 13 de abril de 2022 respectivamente.

-O Regulamento da Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia aprobado por Decreto 103/2018 de 13 de setembro e publicado no Diario Oficial de Galicia de data 1 de outubro de 2018 .

VII) PROPOSTA



Concello de Vigo

Polo exposto considerase que de conformidade co disposto no artigo 42 da Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi na cidade de Vigo, e no artigo 46 nº 1 e nº 2 do vixente Regulamento da Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia, pode propoñerse a revisión das tarifas de taxi para o ano 2023 aplicándose un incremento de 6.00 % porcentaxe que e menor que o incremento interanual dos custes da actividade xuño 2021-xuño 2022 que e dun 11,34 % así como inferior ao IPC do transporte da Comunidade Autónoma Galega, cos prezos que se conten na seguinte proposta :

En consecuencia e de conformidade co disposto na lei 4/2013 de persoas en vehículos de turismo de Galicia así como no artigo 42 da vixente ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo aprobada na sesión plenaria de data 9 de febreiro de 2015 a Orde de 26 de febreiro de 1993, Real Decreto 1634 de 1980, así como o Decreto da Xunta de Galicia 106/84 de 24 de maio sométese á consideración dá Xunta de Goberno Local para a súa aprobación o seguinte :

ACORDO :

PRIMEIRO: Informar favorablemente a revisión de tarifas de taxis da cidade de Vigo para o ano 2023, sendo os prezos propostos os seguintes:

TARIFA 1 (días laborables de 6,00 a 22.00 horas)

Concepto	Euros (IVE incluído)
Tarifa mínima (1.700 metros ou tempo equivalente)	4,00
Qm. percorrido	1,09
Hora de espera	22,53
Suplemento aeroporto	5,00
Suplemento Ifevi	3,50
Maletas y vultos análogos(con excepción das cadeiras de rodas e da primeira maleta de cada unha das persoas usuarias)	0,64

TARIFA 2 domingos e festivos, 24 e 31 de decembro, sábados dende as 06.00 horas e servizo nocturno de 22,00 ás 6,00 horas)

Concepto	Euros
Tarifa mínima (1100 metros ou tempo equivalente)	4,25
Qm. percorrido	1,21
Hora de espera	24,54
Suplemento aeroporto	5,00

Suplemento Ifevi	3,50
Maletas y vultos análogos(con excepción das cadeiras de rodas e da primeira maleta de cada unha das persoas usuarias)	0,64

Suplemento 25 de decembro e 1 de xaneiro (dende as 00.00 ata as 10.00):
2,50€

Suplemento por persoa a partir da sexta praza : 0,58 €

SEGUNDO: Remitir o expediente á Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Xunta de Galicia para dar cumprimento ao disposto na vixente lexislación en materia de prezos autorizados.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(982).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez